



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Curso Académico: 2020/21

Aprobada pola Xunta de Facultade de ADE con data de 13/10/2022
Aprobada pola Comisión de Calidade e Planificación Delegada do Consello de
Goberno con data de 27/3/2023

Índice

1. Introducción.....	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados.....	5
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	5
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	9
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado	15
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	23
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	29
Directriz 6. Información pública	32
3. Plan de Melloras do centro	33
4. Modificacións nos diferentes títulos.....	43
5. Listaxe de evidencias e indicadores.....	44

1. Introducción

A Memoria de Calidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas é o documento que recolle a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro, así como do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos ao mesmo. Esta memoria elabórase de acordo co proceso PE-02, Revisión e Mellora, do SGC da Facultade de Administración e Dirección de Empresas da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O documento organízase en dous capítulos principais: *Seguimento do SGC e dos seus resultados*, estruturado internamente conforme ás seis directrices do Sistema FIDES-AUDIT, e *Plan de Melloras Anual*, no que se actualizan os obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para acadalos. A estes dous capítulos principais engádense outros dous, de carácter instrumental: un no que se rexistran as modificacións introducidas nos títulos obxecto desta memoria, e outro que recolle a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e dispoñibles para as eventuais avaliacións externas.

Para contextualizar esta memoria convén, antes de nada, facer constar as titulacións oficiais que se imparten e os órganos responsables do seu desenvolvemento.

Na Facultade de Administración e Dirección de Empresas da USC, no curso obxecto desta memoria (2020-21) impartíronse os seguintes estudos:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas (GADE). Código RUCT 2501106; Código USC G3101.
- Grao en Empresa e Tecnoloxía (GEET). Código RUCT 2504171; Código USC G3201.
- Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas (GPEMES). Código RUCT 2502664; Código USC G3181. Título en proceso de extinción.
- Máster Universitario en Dirección de Empresas (MUDE). Código RUCT 4311754; Código USC P3251.

O Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Máster en Dirección de Empresa, son títulos compartidos coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais no Campus de Santiago, polo que existen comisións de título conxuntas intercampus e comisión de título en cada Facultade. A comisión conxunta vela pola coordinación dos títulos nos dous campus (Santiago e Lugo).

O Grao en Empresa e Tecnoloxía é un grao novo e implántase por primeira vez neste curso académico 2020-21 polo que os resultados do seguimento do título non poderán amosar tendencias ao longo do tempo.

O Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas atópase en fase de extinción con estudantes matriculados no, 4º curso e no Traballo de Fin de Grao (TFG) polo que aínda que nesta memoria se recollen datos do título, no se ten feito un informe de resultados específico.

O número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de profesorado que impartiu docencia no mesmo no curso de referencia foi o seguinte:

Curso 2020-21	GADE	GEET	GPEMES	MUDE
Nº estudantes	246	51	9	21
Nº profesorado	35	12	22	14

O persoal de administración e servizos da Facultade de Administración e Dirección de Empresas ascende a un total de 6 traballadores.

Os órganos para o desenvolvemento do SGC, son os seguintes:

Unipersoais:

- Decano
- Responsable de Calidade
- Coordinadores/as de Título

Colexiados:

- Equipo Decanal
- Comisión de Calidade e Docencia (CCD)
- Comisiones de Título (CT)

Outra comisións:

- Comisións de título intercentros

Por riba deles, a **Xunta de Facultade**, o órgano estatutario colexiado de goberno da Facultade, é a responsable da aprobación da memoria de calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas conta con **Acreditación Institucional conforme ao establecido no RD 420/2015**, de 29 de maio e a Resolución da *Secretaría General de Universidades* de 7 de marzo de 2018 que a desenvolve. Esta acreditación foi outorgada por Resolución do *Consejo de Universidades* de 17 de decembro de 2019, unha vez que a implantación do SGC da Facultade de Administración e Dirección de Empresas fora certificada pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) o 30 de xullo de 2019, e dous títulos dos que é responsable (aqueles que correspondía someter ao proceso) teñen renovada a súa acreditación en 2017 o Grado en ADE, e 2015 e 2019 o Máster MUDE.

De acordo co procedemento establecido para a elaboración desta memoria (PE-02 do SGC), as Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade e Docencia as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos durante o curso 2020-21, así como as súas propostas de accións de mellora, todo iso a partir dos informes e indicadores proporcionados polo responsable de calidade. A CCD analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria, e elaborou o Plan de melloras anual.

Addenda relativa ao estado de alarma decretado o 14 de marzo de 2020

No mes de marzo de 2020, unha vez iniciado o segundo semestre do curso académico, suspendéronse as actividades académicas presenciais na USC (venres 13 de marzo) e, inmediatamente despois, a actividade laboral presencial (luns 16 de marzo). No curso 2020-21 desenvolveuse o primeiro semestre de xeito normal baixo os escenario 1, pero o inicio do segundo semestre previsto para o 1 de febreiro retrasouse ata o 8 por indicación da Xunta de Galicia e posteriormente, a docencia impartíuse baixo o escenario 3 de xeito non presencial ata o 1 de marzo seguindo as indicacións establecidas pola USC. Se ben no curso presente puideron actuar as diferentes comisións para a elaboración dos informes e a memoria, o desenvolvemento das accións de mellora propostas na memoria 2019-20, así como os resultados da satisfacción e do aprendizaxe e en xeral os Informes de Resultados das distintas titulacións deben ter en conta o efecto que se puido derivar da crise da Covid-19

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratégico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas conta cunha [Política de Calidade](#) que, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, se fai pública na súa páxina web para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Esta Política revísase periodicamente, e actualízase, cando menos, cando se renova o equipo de dirección. A máis recente actualización data de novembro de 2020, e está plenamente vixente. Así mesmo, a Facultade de Administración e Dirección de Empresas conta cun [Plan Estratégico](#), aprobado en abril de 2017. De acordo co proceso PE-01, Planificación estratéxica, do SGC, a vixencia do Plan Estratégico ten o mesmo horizonte temporal, como máximo, do Plan Estratégico da USC, co que debe estar aliñado; isto localiza a súa finalización en 2020. Na actualidade o Plan Estratégico da Universidade vense de prorrogar ata 2022 e do mesmo xeito vense de aprobar a Prórroga do Plan 2016-2020 pola Xunta de Centro o 22 de xaneiro de 2021 e pola Comisión de Calidade e Procedementos do Consello de Goberno da USC o 3 de marzo de 2021.

No Plan Estratégico defínense a misión, visión e valores da Facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade.

Así, as liñas e obxectivos estratéxicos que configuran o actual Plan Estratégico son os seguintes:

Liña estratéxica 1. Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade

- 1.1. Obxectivo 1: Xestionar o PAS da Facultade con criterios máis eficientes que permitan un mellor aproveitamento do potencial do seu persoal.
- 1.2. Obxectivo 2: Favorecer a formación do PAS naqueles campos que dean resposta directa ás necesidades do

seu posto de traballo.

1.3. Obxectivo 3: Incrementar a participación do PDI nas actividades do centro.

1.4. Obxectivo 4: Mellorar a excelencia do PDI en docencia e investigación.

Liña estratéxica 2. O alumnado, valor presente e futuro:

2.1. Obxectivo 5: Incrementar o talento a través da atracción de alumnado con mellores expedientes académicos.

2.2. Obxectivo 6: Contribuír á formación integral do alumnado.

2.3. Obxectivo 7: Mellorar a empregabilidade dos egresados

Liña estratéxica 3. Oferta de titulacións adaptada as necesidades da sociedade:

3.1. Obxectivo 8.- Elaborar unha oferta de grao e posgrao axustada á realidade e ás necesidades da contorna.

3.2. Obxectivo 9: Incrementar a demanda de alumnos/as en todos os títulos ofertados polo centro.

3.3. Obxectivo 10: Coordinación entre as materias impartidas nas titulacións da Facultade.

Liña estratéxica 4. Xestión simple, eficaz e transparente:

4.1. Obxectivo 11: Incrementar a xestión transparente.

4.2. Obxectivo 12: Optimización do uso dos recursos.

Liña estratéxica 5. Relación intercampus e no marco do Campus Terra

5.1. Obxectivo 13: Incrementar a comunicación entre as facultades da USC.

Liña estratéxica 6. Transferencia efectiva de coñecemento e compromiso coa sociedade:

6.1. Obxectivo 14: Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia de coñecemento cara ao súa contorna.

6.2. Obxectivo 15: Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia.

Liña estratéxica 7. Relacións con outras universidades:

7.1. Obxectivo 16: Avanzar no proceso de internacionalización da Facultade.

Boa parte destes obxectivos están logrados, ou, no caso de aqueles que teñen un carácter permanente, mantéñense nun nivel de consecución razoable. Pero tamén algúns foron quedando superados polo paso do tempo e as mudanzas no contexto, e deberán ser revisados nun novo Plan Estratéxico da Facultade que se elaborará a partir do novo Plan Estratéxico da Universidade.

Outro elemento que é necesario avaliar en relación co desenvolvemento da Política de Calidade é o **grao de execución e eficacia do Plan de Melloras Anual (PMA)** levado a cabo durante o curso 2020-21.

Este plan estruturouse en 5 accións de mellora aplicables a tódolos títulos impartidos na Facultade. Tódalas accións están vinculadas ás principais liñas estratéxicas da programación plurianual da Facultade pero de forma especial aos seguintes obxectivos:

- Obxectivo 4: Mellorar a excelencia do PDI en docencia e investigación
- Obxectivo 8: Elaborar unha oferta de grao e posgrao axustada á realidade e ás necesidades da contorna
- Obxectivo 10: Coordinación entre as materias impartidas nas titulacións da Facultade
- Obxectivo 12: Optimización do uso dos recursos

- Obxectivo 14: Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia de coñecemento cara á súa contorna.
- Obxectivo 15: Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia.

O seguimento da eficacia das accións para a consecución dos obxectivos realízao a CCD. As accións foron executadas na súa totalidade agás unha delas que non se puido facer por mor do retraso na adquisición do material informático necesario para levala a cabo e que se propón nesta memoria como nova acción de mellora para o curso 2021-22. Concretamente a acción:

- AM-1.2 Organizar un curso en xestión tecnolóxica e dixital da empresa

No caso do Obxectivo 4 non se poden avaliar os indicadores establecidos nas accións de mellora xa que non se dispón dunha enquisa específica para o PDI do centro e ofrécense datos so para o conxunto da universidade.

O obxectivo 8 acadouse a través da aprobación da actualización do formato da memoria, inicialmente aprobada pola Comisión Académica Intercentros do Máster Universitario en Dirección de Empresas de data 23/03/2021 e tramitada con aprobación das Xuntas de Facultade de Santiago (con data 09/04/2021) e Lugo (con data 08/04/2021). Superado o prazo de exposición pública, con data 24/05/2021 o SXOPRA informa de que a proposta de modificación será sometida ó informe da Comisión de Oferta, aprobación de Consello de Goberno e informe de Consello Social para a continuación solicitar informe previo a verificación á Secretaría Xeral de Universidades, informe que permitirá iniciar o proceso ante o Ministerio. Na actualidade, cumpríronse todos estes trámites administrativos e as modificacións están sendo revisadas pola ANECA.

O obxectivo 10 relacionado coa coordinación entre materias mídese a través do informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. No caso do GADE para o que se establecían as accións, o grao de satisfacción do alumnado (IN46G) subiu lixeiramente pasando do 3,73 o 3,88. Para a análise das taxas de éxito, rendemento e avaliación das materias compre ter en conta o impacto da COVID-19.

No que se refire ó obxectivo 12 cumpríuse a través da adquisición de material informático, equipamento docente e mantemento de instalacións que se incluíron no orzamento da Facultade, e tamén procedentes doutras partidas da Universidade.

Incrementouse o compromiso da Facultade coa transferencia de coñecemento cara ao súa contorna, obxectivo 14, a través da participación da mesma en actividades como o programa Xuvenciencia, participación en charlas do programa "A Ponte" e mesmo co desenvolvemento de concursos con alumnos de secundaria da materia de Economía da Empresa a través das redes sociais. Neste caso, e para acadar o obxectivo 15, a Facultade participa activamente nas redes sociais como LinkedIn, Facebook, Instagram ou Twitter.

En relación tamén ao alcance e consecución dos obxectivos recollidos na [Programación Plurianual](#), destacar que durante o curso analizado case se duplicou o número de sexenios do profesorado así como o número de doutores sobre o número de profesorado total da Facultade. A pesar de que o número de alumnos/as totais reduciuse, segue a mellorar a nota de acceso de alumnos/as que acceden por primeira vez así como o número de alumnos/as non nacionais que cursan unha das titulacións ofertadas.

O **Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas** está, no momento da presentación desta Memoria, actualizado. Desde a obtención da acreditación institucional do Centro, xullo de 2019, veuse realizando unha adaptación a esta nova circunstancia no proceso de seguimento, análise e mellora. Nesta liña continúaase revisando e mantendo actualizado o SGC. Será necesario revisar algúns indicadores, obxectivos de calidade, así como algúns procedementos atendendo as suxestións propostas no [Informe de certificación do SGC](#) en xullo de 2019. Esta revisión quedou pendente dada a situación provocada pola pandemia e o consecuente confinamento ocorrido dende marzo de 2020.

No caso de títulos compartidos coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC (Grao en Administración e Dirección de Empresas e Máster en Dirección de Empresas), procúrase a maior coordinación posible. Por último, as accións de mellora que se deseñan no marco do SGC e afectan directamente a estes títulos se aplican nalgúns casos nos dous campus, e noutros casos, de forma específica en cada facultade atendendo ás súas particularidades.

Como última cuestión a valorar neste epígrafe, cómpre facer referencia aos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese. A sistemática para esta recollida de información está exposta no proceso institucional da USC PI-08, satisfacción, expectativas e necesidades, que establece o proceso de recollida de información a nivel institucional sobre os aspectos máis relevantes (docencia, servizos, mobilidade, traballo). A Facultade, pola súa parte, complementa esta información recadada a nivel institucional, a través de reunións cos grupos de interese (estudantes, profesorado, coordinadores curso). Esta información, xunto coa derivada dos resultados dos programas formativos e, no seu caso, a procedente de queixas, reclamacións e suxestións, conforma en boa medida a base sobre a que se realiza o seguimento anual do SGC e dos programas formativos. Neste momento considérase que os aspectos sobre os que se recada información mediante enquisas é suficiente, e o que require unha atención especial é a consecución duns niveis de participación significativos. En cursos anteriores ó analizado, desenvolvéronse varias accións de mellora, para incrementar a participación e mellorar a obtención de información dos grupos de interese.

En canto ás queixas, suxestións e reclamacións, indicar que a Facultade de Administración e Dirección de Empresas non ten un número moi significativo de queixas e reclamacións formais. En todo caso, a Comisión de Calidade e Docencia da Facultade segue a considerar que a forma máis efectiva para recadar suxestións e detectar problemas é a través dos coordinadores de curso e de título, caixa de suxestións, así como dos representantes de alumnos/as nas distintas comisións e órganos colexiados. Nesta liña tentouse que en tódolos cursos de grao e en máster existise un delegado/a de curso pero non se conseguiu acadar este obxectivo.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3)

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas ten implementado o procedemento *PI-01-Deseño, modificación e extinción de programas* do [Manual de Procesos](#) polo cal se fai a análise do funcionamento dos títulos, se propoñen modificacións ou mesmo se propón a extinción dalgunha titulación. Así mesmo, o proceso *PE-02 Revisión e Mellora* recollido no antedito manual tamén guía o seguimento anual das titulacións e vela pola execución das accións de mellora vinculadas ao centro e, en definitiva, ás titulacións.

Seguindo o proceso *PE-02* as comisións de título dos catro programas de formación da Facultade de ADE fan un seguimento do cumprimento da memoria verificada dos títulos ([Grao en ADE](#), [Grao en Empresa e Tecnoloxía](#), [Grao en Xestión de PEMES](#) e [Máster en Dirección de Empresas](#)) valorando a conveniencia de actualizala, modificala ou ratificar a súa vixencia. Con base nese proceso e mediante diversos procedementos chave (*PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación*, *PC-02 Planificación das ensinanzas*, *PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas*, *PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas*) tamén se analiza o cumprimento dos programas das materias, os procedementos de coordinación, o logro dos resultados de aprendizaxe, a información relativa á adecuación do perfil de ingreso/egreso ou a información sobre satisfacción ou necesidades dos grupos de interese. Tamén se analiza o grao de execución e cumprimento das accións de mellora vinculadas aos títulos. Todos os informes anuais de resultados realizados das distintas titulacións impartidas na Facultade, foron presentados polos coordinadores de grao nas CT. No caso dos títulos intercentros, os resultados do informe e das CT tamén se trasladan ás comisións intercentros dos títulos. As evidencias deste traballo aparecen recollidas nas actas das respectivas CT (da facultade e intercentros) que son trasladadas á CCD do centro, que tamén os revisa, analiza e verifica, propoñendo con base neles accións de mellora para o seguinte curso académico.

Polo que respecta ao deseño de novos títulos, dende a Facultade traballouse nunha proposta de nova titulación, o Grao en Empresa e Tecnoloxía. O traballo desenvolveuno a Comisión de Redacción e os acordos ou decisións aprobáronse na Xunta de Facultade, todo conforme a o proceso institucional *PI-01-Deseño, modificación e extinción de programas*. No curso 2020-21 implantouse o primeiro curso desta titulación.

A continuación recóllese unha análise sintetizada do desenvolvemento das titulacións impartidas na Facultade de ADE no

curso académico 2020-21.

2.2.1. Grao en Administración e Dirección de Empresas

O Coordinador de Título de Grao xunto coa Comisión de Título de Grao (Lugo) e a Comisión de Título Intercentros de Grao (Lugo e Santiago) realizaron conforme ao establecido na normativa o seguimento da titulación e quedou evidencia no Informe de Resultados do curso 2020-21 que foi aprobado no mes de maio de 2022.

No tocante a supervisar o cumprimento do incluído na [Memoria de Verificación do Título](#), a Comisión de Título do Grao en ADE concluíu que o desenvolvemento das actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación se adecuaban ao previsto nese documento. Non se detectaron desaxustes.

A supervisión do cumprimento dos programas, que se atopan publicados na web da Facultade, desenvólvese por varias vías. En primeira instancia, apróbanse nos Consellos de Departamento e, posteriormente, na Comisión de Calidade e Docencia. Os departamentos deben verificar, antes de aprobalos, a concordancia entre os programas/guías docentes e as fichas que figuran na Memoria do título. En segundo lugar, a supervisión realízase mediante as reunións mantidas polos coordinadores de curso co alumnado por unha banda, e o profesorado por outra. Estas reunións teñen unha periodicidade semestral e en ambos casos, as cuestións tratadas, suxestións e inquietudes son trasladadas a/o Coordinado/a de Grao e expostas na Comisión de Título de Grao. As evidencias destas reunións están recollidas nas pertinentes actas. Os datos das enquisas de avaliación da docencia recibida avalan que os programas se están a cumprir. Cunha taxa de participación mais alta este ano (40% no 1º semestre non habendo datos do 2º), os/as estudantes refiren cun 4,05 sobre 5 que o profesorado cumpre co programa e o plan de traballo previsto incluíndo as modificacións previstas pola crise da Covid-19.

Debemos destacar que no curso 2019-2020 a crisis sanitaria do COVID-19 supuxo a suspensión da docencia presencial desde o 15/03/2020 ata o remate do curso o que deu lugar a modificacións importantes nas metodoloxías docentes e sistemas de avaliación. No curso 2020-21 mantívose a situación de crise para o que se incorporou ás guías docentes unha planificación adaptada aos tres posibles escenarios segundo a evolución da pandemia: Escenario 1: normalidade adaptada (sen restricións á presencialidade física), Escenario 2: distanciamento (restricións parciais á presencialidade física) e Escenario 3: peche das instalacións (imposibilidade de impartir docencia con presencialidade física). Para cada escenario as metodoloxías tiveron que ser adaptadas a esta situación mediante a modificación das guías docentes: docencia e titorías non presenciais, incremento do peso da avaliación continua, cambios nos sistemas e formatos de avaliación, etc.

Os coordinadores de Grao revisaron o cumprimento destes aspectos e dende as reunións de coordinación dos graos/máster comprobouse que todas as programacións das materias para o 2020-21 incorporaran o Plan de continxencia fronte a Covid-19.

Os procedementos de coordinación da titulación parten do Coordinador de Grao que se apoia nos coordinadores de curso, na coordinación de TFG e na coordinación de prácticas. En aras a mellorar a coordinación vertical e horizontal, os centros contan cun protocolo de Coordinación no que se detallan as funcións de coordinación e o calendario a seguir para os dous centros onde se imparte o título. Un ano máis, por mor da Covid-19 fíxose un esforzo adicional de coordinación coa revisión de todos os programas das materias e os cambios nos seus sistemas de avaliación que se introduciron. As actas da comisión intercentros do título e da comisión do título da Facultade recollen as evidencias neste punto.

Polo que respecta á adecuación dos perfís de ingreso/egreso considerouse que segue vixente o establecido na Memoria orixinal do Título. Cabe sinalar o axuste no número de prazas de novo ingreso ofertadas que se reduciu a 80, que supón unha diferenza das 125 que figuran na Memoria, con todo, isto non supuxo unha modificación na memoria conforme ao principio da ACSUG de facer estas modificacións de memoria cando haxa que facer outras modificacións substanciais.

No relativo á medida en que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos para a titulación, a CT de Grao analiza fundamentalmente as taxas de éxito e de gradación globais. Con respecto á taxa de éxito (69,66%) cómpre dicir que baixou notablemente este ano despois da forte subida que se producira o ano anterior durante o confinamento do 2º

semestre. Atopase por debaixo do previsto na Memoria de Verificación do Título (80%). Neste caso habería que poder analizar os efectos que a crise da Covid-19 tivo neste aumento pero non se dispoñen dos datos nos que se poida diferenciar as taxas de éxito por semestres ou o efecto da salvagarda da nota media que se aplicou. Cabe destacar que no caso do TFG acada o 100% de éxito. No caso da taxa de gradación subiu dun 22,58% a un 41,38 por enriba do establecido na Memoria (35%), e tamén por debaixo da media da USC (62,06%).

Proponse, coma no ano anterior, continuar coa AM-3.1 do curso 2019-20, que agora será a *AM-2.1 Análise e revisión das taxas de éxito, rendemento e avaliación das materias que conforman o Grao en ADE* de forma conxunta coa Facultade de Económicas e Empresariais e analizar as posibles diferenzas entre os dous campus sobre todo tendo en conta o posible impacto da COVID-19.

Por último, no que se refire á análise de satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese en relación coa titulación. Os datos son obtidos a través das enquisas institucionais, as reunións mantidas cos distintos colectivos implicados no proceso de ensino/aprendizaxe. Ademais levouse a cabo a *AM-3.2 Diseñar unha enquisa para coñecer a opinión do alumnado sobre baleiros formativos e as duplicidades innecesarias de contidos do Grao en ADE* durante o primeiro e segundo semestre do curso. As comisións consideran que os procedementos para obter a información son satisfactorios e o fluxo de información está garantido. Polo que respecta aos resultados, serán analizados na seguinte directriz.

2.2.2. Máster Universitario en Dirección de Empresas

O Máster en Dirección de Empresas (MBA) desenvolveuse con normalidade durante o primeiro semestre do curso 2020-21 aínda que no segundo viuse afectado pola Covid-19. O seu seguimento realizouse a través da Comisión de Máster en Dirección de Empresas e da Comisión Intercentros de Máster en Dirección de Empresas.

A valoración do cumprimento do incluído na Memoria de Verificación do Título fíxose a través da Comisión de Título de Máster Intercentros. Non se observaron cambios significativos respecto do recollido na memoria. Unicamente se recolleron dúas modificacións non substanciais, a partir do primeiro Plan de Melloras para a Renovación da Acreditación, e recollidas nos Informes de Seguimento anteriores (axustar a distribución horaria entre as sesións expositivas e interactivas das materias á efectivamente aplicada en realidade segundo as normas da P.A.A. - Programación Académica Anual) da Universidade de Santiago de Compostela e recoller na memoria do título as materias que se imparten nun idioma non recollido na memoria), o que se incorporará á memoria no momento en que se faga unha Modificación Substancial da mesma segundo o establecido na normativa. Adicionalmente, a partir do establecido na AM-6.1, iniciouse a execución no curso 2020/2021: aprobada a Declaración de intencións para a modificación da memoria do Máster Universitario en Dirección de Empresas para a súa implantación no curso 2022-23 (en xaneiro de 2021 por parte da Comisión Académica Intercentros do MUDE e por parte das Facultades) e aprobada a Proposta de Modificación da Memoria Verificada do Título de Máster Universitario en Dirección de Empresas pola Universidade de Santiago de Compostela (en marzo 2021 por parte da Comisión Académica Intercentros do MUDE e en abril 2021 por parte das Facultades).

Unicamente se recolleron dúas modificacións non substanciais, a partir do primeiro Plan de Melloras para a Renovación da Acreditación, e recollidas nos Informes de Seguimento anteriores. Foron feitas correccións nos desaxustes que existían nas competencias entre a programación docente e a Memoria de Verificación do Título, mediante o axuste da distribución horaria á efectivamente aplicada segundo as normas da Programación Académica Anual da USC e adaptando os idiomas nos que se imparten efectivamente as materias (castelán, galego ou inglés). Durante este curso 2020-21 tamén se segue a traballar en afinar o axuste da memoria e de coordinación entre os dous Campus onde se imparte a titulación mantendo a unificación da programación docente das materias. Isto incorporárase á memoria do título no momento en que se faga unha Modificación Substancial da mesma, segundo o establecido na normativa

Tampouco se detectaron problemas no relativo ao cumprimento dos programas das materias, que cumpren cos obxectivos, horarios de clase, e horarios de avaliación incluíndo as datas de exames. Estes programas poden ser consultados na páxina web da Facultade. A planificación da actividade docente (elaboración, aprobación e publicación do PDA, do POD, do tamaño

de grupos e da programación das materias) levouse a cabo segundo o establecido no SGC. As materias obrigatorias e optativas, así como o módulo preparatorio, discorron sen contratempos, observándose un bo nivel no cumprimento de programas e obxectivos docentes.

Adicionalmente, froito das accións de mellora derivadas do primeiro Plan de Melloras para a Renovación da Acreditación, alcanzáronse os seguintes resultados:

- Corrixir os desaxustes existentes nas competencias entre a programación docente e a memoria, axustando a programación docente de tódalas materias ao recollido na memoria do título.
- Incrementar o nivel de axuste á memoria e de coordinación entre os dous campus o lograr unificar a programación docente de cada unha das diferentes materias.

En relación cos procedementos de coordinación, a Coordinadora de Título exerce ademais como coordinadora de TFM e coordinadora de Prácticum. A sistemática consiste no intercambio de información periódica co alumnado e os docentes para, logo, trasladar esa información, queixas ou suxestións á Comisión de Título de Máster e finalmente, á Comisión de Títulos Intercentros de Máster, sendo este último o órgano máximo de coordinación. Para ter unha maior coordinación entre as actividades a realizar ao longo do curso, levouse a cabo a AM-3.3 do curso 2019-20, consistente na elaboración dun cronograma de actividades por materias que se mantén como proposta de acción de mellora para este curso (AM-2.5). Adicionalmente, reforzouse a coordinación e a información dispoñible a través da Aula de Coordinación do Campus Virtual en cada campus, a disposición dos coordinadores, proposta na acción de mellora AM-3.5 consistente na utilización da Aula Virtual de Coordinación do Máster no Campus virtual como medio para informar a estudantes e profesorado de toda a información e actividades de interese relacionadas co Máster.

A Comisión de Título e a Intercentros do Máster revisa anualmente os datos dispoñibles sobre o perfil de ingreso/egreso para valorar a súa adecuación. O número de prazas de novo ingreso ofertadas continúa sendo o establecido na memoria (46 prazas repartidas entre os dous campus). Houbo un número total de 40 matriculados, 27 foron matriculados de novo ingreso (18 no campus de Santiago e 9 no campus de Lugo), o que indica que se consolida a matrícula de novo ingreso, a pesar dos problemas de xestión administrativa da matrícula. A falta de cobertura total ven motivado por baixas de matrícula de alumnos preinscritos en período ordinario, motivados por un protocolo de matrícula que non obriga a formalizar as preinscrición en matrícula mentres o prazo se atopa aberto, co prexuízo para alumnos interesados en realizar o máster que non poden facelo cando despois se xeran prazas vacantes

No relativo á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos, as taxas indicativas destes resultados seguiron a ser satisfactorias. A taxa de éxito (99,53%), e moi similar á do ano anterior (100%), está por riba da media da USC (99,01%) e similar a media do máster (99,54%), e está por riba do establecido na Memoria de verificación; e o mesmo ocorre coa taxa de rendemento (93,05% fronte ao 93,77% da media do máster). Polo contrario, a taxa de graduación do Máster é inferior á media global da USC e da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas (85% y 84%, respectivamente) e sitúase claramente por debaixo do 90% establecido na Memoria de Verificación del Título. Isto é consecuencia, probablemente, de que o alumnado do Máster estaba traballando cando inicio os seus estudos, ou atopa traballo mentres o está cursando, o que dificulta a elaboración do TFM. Adicionalmente, a taxa de abandono dos estudos duplica a media rexistrada na USC, pese a mellorar os valores de cursos precedentes. Aínda que as medidas restritivas -descontinuas ademais no tempo- implantadas no curso 2020-2021 poden haber ter efecto na dificultade para terminar os estudos, este dato (unido ao previamente comentado da duración media dos estudos) debe ser obxecto de especial seguimento e control. En particular, a finalización dos estudos está directamente relacionada cos TFM pendentes de presentar, un asunto de preocupación recorrente na Comisión Académica Intercentros. En Lugo dos 21 alumnos matriculados presentáronse con éxito 10 traballos (un 47,62%), o que supón un retroceso neste indicador con respecto ao curso pasado (70%). Pese a iso, debe terse en conta que parte dos traballos pendentes están vixentes de cursos anteriores, o que dificulta a resolución deste problema.

Por último, en referencia á análise de satisfacción, necesidades, expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese en relación coa titulación, a Comisión de Título e a Intercentros revisaron esencialmente as enquisas propias da USC e as elaboradas dende a propia coordinación do máster. As comisións consideran que os procedementos para obter a

información son satisfactorios e o fluxo de información está garantido.

Con respecto aos resultados obtidos das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, mostran niveis positivos superiores a 4,00 (en escala de 1 a 5) en todos os apartados dispoñibles. En termos xerais, as puntuacións concedidas polo estudiantado do Campus de Lugo son lixeiramente superiores ás de Santiago. Con todo, as medias de puntuación sitúanse en torno a 4,5 puntos, sendo o ítem máis valorado o relacionado coa disposición e dispoñibilidade do profesorado para a resolución de dúbidas e consultas (4,9 en Lugo e 4,47 en Santiago, valoración media de 4,64) e o menos puntuado o que ten que ver coa resolución de dúbidas vinculadas estritamente coa materia por parte do profesorado (4,22 en Lugo e 4,07 en Santiago, media de 4,13). O feito de que estas dúas puntuacións sexan precisamente a máxima e a mínima da enquisa, cando realmente abordan asuntos claramente similares (resolución de dúbidas a través de distintos medios por parte dos docentes) resulta ata certo punto sorprendente.

No campus de Lugo non se dispón de información da satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas nos dous últimos cursos polo que é difícil facer unha valoración. Con relación a este aspecto, é importante sinalar que todas as empresas que recibiron alumnos en prácticas nos cursos precedentes seguen colaborando co máster na realización desta actividade, e a gran maioría reciben todos os cursos alumnos do máster, as que non o fan é porque o alumnado non as seleccionou entre as ofertadas, o cal consideramos que é un bo indicador da súa satisfacción. Sinalar, finalmente, que o curso 2020/2021 foi moi complicado para facer as prácticas como consecuencia da situación sanitaria.

Non se dispón de información actualizada no que se refire ás enquisas de satisfacción dos egresados (unicamente datos xenéricos da USC) nin resultados pormenorizados da satisfacción dos estudantes coa titulación (só dispoñibles no Campus de Lugo, aínda que cunha taxa de resposta do 1,8% o que anula a súa significatividade). son satisfactorios en tódolos ámbitos (satisfacción xeral do alumnado, co programa de prácticas, dos grupos de interese, ...) encontrándose na media de satisfacción do título e da media da USC ou por riba dela.

2.2.3 Programas en extinción: Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas

Neste curso 2020-21 a Facultade de ADE ten un título en proceso de extinción (Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas), a supresión deste título foi acordada polo Consello de Goberno da USC, e publicado no DOG con data de 11 de decembro de 2019. A decisión sobre a supresión desta titulación da oferta docente da Facultade de ADE veu avalada pola baixa demanda dende a súa implantación, encontrándose sempre por debaixo do límite de prazas marcado pola normativa autonómica vixente.

Con todo, o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade e os mecanismos e procedementos establecidos pola USC para a extinción de títulos no seu [Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado na Universidade de Santiago de Compostela](#) garanten que o estudiantado matriculado na titulación poida rematala con garantías. A día de hoxe, non se produciu ningún tipo de incidencia con respecto a este proceso de extinción.

Por outra banda, a extinción deste programa deu lugar ao deseño dunha nova proposta de titulación que se comentará no seguinte punto.

2.2.4 Grao en Empresa e Tecnoloxía: deseño de programa formativo.

No curso 2020-21 a Facultade de ADE traballou no deseño dunha nova titulación de Grao, o **Grao en Empresa e Tecnoloxía**, de acordo co procedemento PI-01 e seguindo o Regulamento das titulacións oficiais de grao e máster na USC (aprobado en CG de 28_07_2017). A proposta da titulación partiu da Facultade, que se apoiou nas análises feitas conxuntamente con expertos externos ao Centro. A titulación nace co obxectivo de cubrir a necesidade crecente da sociedade e do mercado laboral no relativo á necesidade de formar o alumnado en novas habilidades dixitais para a nova economía.

Comezouse pola presentación da declaración de interese, que foi aceptada pola USC e polas institucións autonómicas. Configurouse a Comisión Redactora, cuxos acordos poden ser consultados nas pertinentes actas, e elaborouse a [memoria do título](#). A proposta foi aprobada en Xunta de Facultade en maio de 2019, e a continuación, pasou a Consello de Goberno, que no mes de xullo de 2019. Obtida a verificación do plan de estudos polo *Consejo de Universidades*, previo informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, así como a autorización da Xunta de Galicia, e establecido o carácter oficial do título por acordo do *Consejo de Ministros* de 1 de setembro de 2020 o plan de estudos foi finalmente publicado no BOE do 7 de maio de 2021 (*Resolución de 28 de abril de 2021, de la Universidad de Santiago de Compostela, por la que se publica el plan de estudios de Graduado o Graduada en Empresa y Tecnología*). Finalmente decidiuse que a implantación do título se levara a cabo para o curso 2020-21.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
 - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os procesos chave PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas, recollidos no Manual de Procesos do SGC da Facultade de ADE son os que rexen o desenvolvemento dos programas formativos, e a través deles procurárase que os e as estudantes poidan acadar os obxectivos formativos das titulacións.

O marco normativo que regula a estancia universitaria do alumnado dende o seu comezo coa admisión, ata o remate coa entrega do título está rexida pola USC, que é quen establece as normativas, regulamentos e instrucións que aproba o Consello de Goberno.

As principais normativas poden consultarse nos enderezos web:

<https://www.usc.gal/gl/normativa/estudantes/index.html>

https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0311_graos_normativa.html

https://www.usc.gal/gl/servizos/sxopra/0321_masters_normativa.html

A normativa máis relevante a nivel institucional é:

- [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC](#) (aprobada en Consello de Goberno [CG] de 28/07/2017). Establece, entre outras cuestións, cal son e como se conforman os órganos académicos responsables dos programas formativos (CT, coordinador/a de título); a estrutura da organización en créditos; tipos de materias, ou modalidades de ensino.
- [Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC](#) (CG 15/06/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012), xunto coas instrucións da Secretaría Xeral que a interpretan e as Resolucións reitorais e Acordos do CG que a modifican (14/06/2012; 20/07/2012; 30/05/2013; 03/11/2014; 12/11/2024; 08/05/2015;

10/03/2016). Fixa os principios para a progresión nos estudos (número de créditos máximo matriculables, condicións para a matrícula e superación do TFG/TFM, etc.) e o límite de convocatorias. En relación con ela tamén está a Resolución reitoral relativa á convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES (CG 24/09/2013) e a súa modificación (CG 08/10/2015).

- [Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos](#) (CG 14/03/2008). Fixa os criterios, a unidade de recoñecemento, o sistema de recoñecemento e o modo de transferencia ao expediente do alumnado.
- [Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster](#) (RR 15/04/2011), coas modificacións, ampliacións e instrucións aclaratorias posteriores (as máis relevantes, o acordo do CG de 05/07/2016, e a súa modificación de 12/05/2018). Establece os procedementos para facer constar, nos expedientes do alumnado, a acreditación de competencias de carácter transversal, por experiencia profesional e outras e, no seu caso, o seu cómputo en créditos.
- Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións (aprobada en CG [15/06/2011](#), modificada en [CG de 05/04/2017](#)), que establece as garantías do estudantado respecto dos procedementos de avaliación.
- [Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster](#) (acordo CG 10/03/2016). Este regulamento, que establece as normas e procedementos académicos e administrativos en relación cos TFG e TFM, establece que cada Centro deberá elaborar a normativa propia para os seus títulos.
- [Normativa sobre asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES](#) (CG 25/03/2010) e instrución da Secretaría Xeral sobre dispensa en determinadas circunstancias (27/04/2017).
- [Regulamento de prácticas académicas externas](#) (CG 29/07/2015), que establece as condicións básicas para as prácticas profesionais a realizar en entidades, empresas ou institucións alleas á USC.
- [Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC](#) (CG 26/10/2012 e modificacións posteriores, a máis recente de 18/07/2019) e, en relación con este, a [Normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio](#) (CG 03/03/2017 e a modificación posterior de 24/05/2018).
- [Regulamento de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral](#) (CG 23/03/2011).
-

Esta normativa xeral, nalgúns casos, está concretada en normas máis específicas que parten do propio centro. Entre elas:

- [Regulamento de TFG do Grao en ADE](#) (Xunta de Facultade [XF] 04/11/2016, CG 31/01/2017).
- [Regulamento de TFG en Xestión de PEMES](#) (XF 10/07/2017, CG 14/11/2017).
- [Regulamento de Traballo de Fin de Máster en Dirección de Empresas](#) (Comisión Académica de Máster 11/12/2013, CG 21/05/2014).
- [Normativa de dispensa de asistencia a clase](#) (XF 10/07/2017). Esta normativa ten a finalidade de establecer un sistema de avaliación alternativo que permita ao estudantado acadar a máxima cualificación sen ter a obriga de asistir a clase.
- [Normativa de cambio de grupo de docencia](#) (XF 10/07/2017). Esta normativa ten por finalidade facilitar o cambio de grupo ao estudantado que por estar matriculado en cursos diferentes teña horarios de clases incompatibles. Tamén contempla a posibilidade de solicitar o cambio por motivos laborais, de dependencia, etc.
- [Regulamento do uso e préstamo do material informático da Facultade de ADE](#) (XF 22/12/2020). Esta normativa ten por finalidade establecer as condicións de uso dos equipos informáticos dos que dispón a Facultade de ADE de Lugo, así como establecer as condicións de préstamo ao alumnado e persoal da Facultade.

Este conxunto de normativas e regulamentos normativizan con transparencia os procedementos e condicións formais para o acceso, evolución e terminación dos programas formativos.

Derivado da situación da COVID-19 dende o curso 2019-20 tívose que desenvolver normativa e regulacións adicionais para garantir o desenvolvemento das actividades formativas. Toda esta normativa pódese consultar na páxina web institucional que a USC estableceu a este respecto: [Información institucional sobre a COVID-19](#)

As CT xunto coa CCD valoran periodicamente o desenvolvemento dos procesos formativos e os indicadores que evidencian o grao de satisfacción co proceso de ensino-aprendizaxe, así como os resultados acadados. A continuación sintetízanse as conclusións acadadas para cada título no relativo ao proceso de admisión do alumnado (accións de captación), complementos formativos, orientación académica, metodoloxías de ensinanza e avaliación da aprendizaxe, prácticas externas, TFG/TFM, resultados de aprendizaxe nas materias dos títulos e indicadores de satisfacción, queixas, suxestións, etc.

2.3.1 Grao en Administración e Dirección de Empresas.

Polo que respecta aos procesos de admisión e ás accións de captación de alumnado, o Grao en ADE réxese pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Grao no Sistema Universitario Público, polo que este Grao non presenta criterios de acceso distintos dos derivados da limitación de praza de novo ingreso e os establecidos pola lexislación vixente para os estudos de grao. Dende a Facultade unicamente se fixan os "*Parámetros de ponderación das materias da Fase Específica da PAU para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia*" que vén mantendo o criterio dos cursos anteriores.

Entre as accións de captación destaca a participación da Facultade de ADE no programa "A Ponte" da USC, mediante o cal profesorado da Facultade acode a centros de secundaria para impartir charlas, o alumnado de secundaria visita a Facultade na Xornada de portas abertas e se intenta facerlles chegar a maior cantidade de información posible para que o alumnado que acceda ao grao o faga coa mellor orientación posible. Tamén se realizaron concursos a través de redes sociais co alumnado de secundaria que cursaran as materias de economía da empresa cunha boa participación.

Respecto aos complementos formativos, a proposta do profesorado da Facultade e do propio Equipo de Goberno realizáronse diversas actividades, charlas e cursos para mellorar as competencias do alumnado incluídas nas accións de mellora propostas no curso 2019-20. A información das actividades realizadas pode ser consultada nas bases de datos elaboradas con esa información dispoñibles na Secretaría do Centro.

Respecto da orientación académica e profesional, as accións dirixidas aos estudantes do Grao encádranse no [Plan de Acción Titorial \(PAT\)](#) que se pode consultar na web da Facultade e se mellora e actualiza periodicamente. Este PAT comprende actividades de acollida e orientación dirixidas aos estudantes, no momento da súa incorporación á universidade e tamén ao longo dos seus estudos. As accións que integran o plan prográmanse, desenvólvense e avalíanse conforme ao proceso PC-03 Apoio a estudantes do SGC da Facultade. A efectividade e resultados da xornada de acollida, os cursos de ferramentas informacionais organizados conxuntamente coa Biblioteca, e as charlas/sesións informativas dirixidas a proporcionar orientación sobre mobilidade, Prácticum ou Traballo de Fin de Grao son valoradas no Informe de Resultados do título en ADE para o curso 2020-21.

Entre as accións de orientación académica destaca o Programa de Titores, pertencente ao programa "A Ponte". Este programa crea a figura de alumno/a-titor/a que é un/unha estudante veterano/a que orienta e apoia ao novo alumnado. Unha avaliación positiva da dereito ao recoñecemento de 6 créditos optativos no expediente do alumnado. Neste senso, fíxose unha difusión do programa titores polas aulas, a través da páxina web, redes sociais e monitores de televisión da Facultade.

Polo que respecta á orientación profesional colabórase estreitamente coa Área de Orientación Laboral e Emprego do Campus de Lugo e organízanse charlas e xornadas de orientación para que o alumnado poida afrontar con éxito a saída ao mercado laboral, e tamén se lles informa de saídas profesionais e oportunidades laborais. Estas accións están recollidas con máis detalle no Informe de resultados do título.

En relación coa mobilidade de estudantes, tanto entrante como saínte do Grao en ADE, os datos teñen que ter en consideración os problemas de mobilidade derivados da Covid-19, tanto en relación aos estudantes saíntes coma aos entrantes. Na Facultade neste curso 2020-21 non houbo ningún estudante saínte. O número de estudantes recibidos con programas de mobilidade foi de 7, fronte os 6 do curso 2019-20 e 56 do curso 2018-19. Os estudantes entrantes proceden na súa totalidade de Convenios con Outras Universidades e na súa maioría de América do Sur. Non houbo mobilidades nin de programas Erasmus nin SICUE. Pola súa banda, o grao de satisfacción cos programas de mobilidade de forma xeral normalmente é elevado 4,20 para o conxunto da Universidade aínda que este ano non se dispón de datos específicos para a Facultade. Ao inicio de cada cuadrimestre, dende o centro organízase unha reunión co alumnado de intercambio que cursará os seus estudos na Facultade onde se lles informa dos aspectos máis relevantes que debe ter en conta á hora de cursar un programa formativo na Facultade de ADE.

En referencia ás metodoloxías de ensino e avaliación da aprendizaxe, con base nas reunións mantidas entre os coordinadores de curso e o alumnado, considérase que están seguindo as metodoloxías e criterios de avaliación marcados nos programas das materias; programas que previamente foron supervisados polos Departamentos e a Comisión de Calidade e Docencia da Facultade. No curso 2018-19 tíñanse datos relativos a satisfacción en relación aos aspectos formativos que se situaban lixeiramente por debaixo da media da USC, pero estes datos xa non están dispoñibles dende o 2019-20.

No Grao en ADE as prácticas externas teñen carácter optativo. O 16 de decembro realizouse unha xuntanza de orientación do alumnado da Facultade sobre o procedemento de prácticas a que asistiron 16 alumnos/as. O alumnado pode obter seis créditos de prácticas externas curriculares. A convocatoria de prácticas externas publicouse o 1 de febreiro de 2021, aínda que o calendario do procedemento estivo publicado dende o inicio de curso. Dun total de 57 empresas coas que existe convenio de colaboración, non se cubriu a totalidade da oferta, finalmente só fixeron as prácticas 17 alumnos, un menos do curso anterior. As prácticas foron realizadas no período comprendido entre o 1 de abril ao 31 de agosto.

Polo que respecta aos indicadores de satisfacción das prácticas, no curso 2019-20 non existían datos nin da satisfacción dos estudantes, nin dos titores. Durante o curso 2020-21 o grao de satisfacción foi moi alto e do 4,67, moi superior o 3 que houbera no curso 2018-19. O grao de satisfacción dos titores tamén é moi elevado chegando a 4,7 moi superior o anterior dato existente do curso 2018-19 que era de 4,14. Como conclusión podemos dicir que aínda que o número de prácticas foi reducido, a calidade das mesmas foi moi elevada para as dúas partes.

En canto aos procedementos para a xestión e organización dos traballos de fin de grao, no 2020-21 séguese mantendo o regulamento de cursos anteriores posto que se considera adecuado no relativo ao proceso de publicación da oferta, asignación de titores/temas, inscrición, defensa, cualificación. Todo o procedemento desenvolveuse nos prazos marcados, sen incidencias e con transparencia. Toda a información das distintas fases foi publicada no apartado corresponde ao [Traballo de Fin de Grao](#) na web da Facultade de ADE e a través da Aula de Coordinación de TFG. Ademais, dende a coordinación de TFG faise unha reunión semestral de orientación e resolución de dúbidas.

En relación aos resultados de aprendizaxe das materias do título. Na *Memoria de Verificación do Título* non se incluíron explicitamente os resultados de aprendizaxe para o título e materia posto que, de acordo co establecido na lexislación, só se establecía en termos de competencias. A análise correspondeu a *Comisión de Título do Grao* segundo a cal se determinou que os niveis de satisfacción coa docencia recibida presentan no 2020-21 valores de xeito global lixeiramente superiores ao anterior (3,88 fronte ao 3,73 do ano anterior). Sen embargo cabe salientar que na análise das taxas de éxito, esta sitúase por debaixo do establecido na MVT (80%) despois de terse incrementado moito no curso precedente. A taxa diminuíu fortemente situándose nun 69,66% mentres nos cursos anteriores era dun 84,43% (2019-20) e dun 72,19% (2018-19). A análise destas taxas é unha necesidade que se mantén no tempo, e como tal, séguese considerando unha acción

de mellora que se propón para este curso como acción de mellora AM-2.1.

Así mesmo, a satisfacción dos egresados (3,39), en xeral, tamén é positiva e encontrarse lixeiramente por enriba da media da USC (3,36) e aínda que non hai datos dende o curso 2019-20, mantense en cifras semellantes as do 2018-19 que era de 3,40. Con todo, os resultados deben ser tomados con cautela xa que a taxa de resposta, coma en anos anteriores é reducida e son recollidos no momento de solicitude de expedición do título polo que é probable que o egresado non sexa capaz de valorar ata que punto adquiriu as competencias do título e a utilidade desas competencias adquiridas na titulación para o desempeño laboral. Por outro lado, o último informe da ACSUG "[Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013-2014](#)" (Enquisa realizada en xullo-agosto de 2017) os enquisados sinalan maioritariamente que voltarían a cursar a súa titulación na mesma Universidade (92,31%), situándose lixeiramente por encima da media de todos os grados en ADE do SUG (88,69%).

Para finalizar, en canto aos indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe, fóronse comentando os resultados nos epígrafes precedentes. Como se puido apreciar da súa lectura, cóntase con indicadores de satisfacción, vía enquisas, de todos os procesos relevantes, cuxos resultados dan lugar a cambios cando se se considera preciso mellorar nalgún ámbito. Non obstante, considérase que as reunións semestrais dos coordinadores de curso co alumnado e o profesorado son o instrumento máis eficaz para detectar oportunidades de mellora nun proceso de ensino/aprendizaxe que debe estar centrado no alumnado.

As queixas, reclamacións e recursos foron moi reducidas, derivadas nalgún caso de diferencias de opinión entre o profesorado e o alumnado na aplicación de criterios de avaliación que se resolveron na Comisión de Calidade antes de levarse a cabo o proceso de avaliación.

2.3.2. Grao en Empresa e Tecnoloxía

Neste primeiro ano de implantación do grao ofertáronse todas as materias previstas correspondentes ao 1º curso que se inclúen na memoria verificada. Os programas/guías docentes aprobáronse en primeira instancia nos Consellos de Departamento e, posteriormente, na Xunta de Facultade. Os departamentos verificaron, antes de aprobalos, a concordancia entre os programas/guías docentes e as fichas que figuran na Memoria do título..

Polo que respecta aos procesos de admisión e ás accións de captación de alumnado, o Grao en EET ao igual que o Grao en ADE, réxese pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Grao no Sistema Universitario Público, polo que este Grao non presenta criterios de acceso distintos dos derivados da limitación de praza de novo ingreso e os establecidos pola lexislación vixente para os estudos de grao. Dende a Facultade unicamente se fixan os "*Parámetros de ponderación das materias da Fase Específica da PAU para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia*" que vén mantendo o criterio dos cursos anteriores.

Entre as accións de captación son as mesmas que se indicaron no apartado 2.3.1 xa que se fan a nivel de Facultade o mesmo que os complementos formativos e a orientación académica e profesional, no que as accións dirixidas aos estudantes do Grao encádranse dentro do [Plan de Acción Titorial \(PAT\)](#) que se pode consultar na web da Facultade e se mellora e actualiza periodicamente.

O ser o primeiro ano de implantación, en relación coa mobilidade de estudantes non houbo alumnos/as enviados con programas de mobilidade e tampouco houbo alumnado entrante.

En relación coas metodoloxías de ensino e avaliación da aprendizaxe, os [programas das materias](#), dispoñibles na web da USC, permiten apreciar a súa adecuación ás competencias e contidos que configuran cada unha delas. A satisfacción dos/das estudantes coa docencia recibida é elevada (3,92 sobre 5) tendo en conta a novidade de toda a docencia para o profesorado que a imparte.

Non se fixeron prácticas externas, dado que aínda nos atopamos no primeiro ano de implementación do grao. En canto aos procedementos para a xestión e organización dos Traballos de Fin de Grao tense que esperar os seguintes anos para

establecer o Regulamento de TFG para o Grao en Empresa e Tecnoloxía.

No tocante aos resultados de aprendizaxe das materias do título, a análise da Comisión de Título do Grao aprecia uns resultados satisfactorios. A taxa de éxito é do 65,42% e a taxa de rendimento 56.11% e a taxa de avaliación do 85,77%.

Para finalizar, en canto aos indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe, fóronse comentando os resultados nos epígrafes precedentes. Como se puido ver cóntase con indicadores de satisfacción, vía enquisas, da maioría dos procesos relevantes, aínda que hai algúns aspectos non cubertos. As queixas, reclamacións e recursos foron moi reducidas. Nun caso tiveron que ver co desenvolvemento da metodoloxía docente dunha materia que se resolveu positivamente unha vez que foi comunicado. Noutro caso non tiña que ver co desenvolvemento do curso actual e si coa proposta de horarios para o ano seguinte, e que se resolveu parcialmente para o alumnado axustando parte dos horarios pero non podendo atender a reclamación total que supoñía o cambio total das clases de 2º da tarde para a mañá por cuestións de dispoñibilidade de aulas. Froito de esta reclamación proponse coma nova acción de mellora para o curso seguinte o proceso de maior participación do alumnado no procedemento de elaboración de horarios (AM-2.9)

2.3.2. Máster Universitario en Dirección de Empresas

A avaliación da vixencia e efectividade dos procedementos para garantir a aprendizaxe, ensino e avaliación centradas no alumnado no caso do Máster Universitario en Dirección de Empresas realízase en detalle a *Comisión de Título Intercentros de Máster*, e queda reflectida nun Informe de resultados que eleva á Comisión de Calidade e Docencia. Destácanse aquí os elementos máis relevantes dese informe para os efectos desta memoria.

Respecto da admisión de estudantes, conforme ao que fixa a regulamentación do máster e a Memoria de Verificación do Título, réxese pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Máster no Sistema Universitario Público e aos criterios específicos de acceso ao Máster en Dirección de Empresas. A demanda do título é satisfactoria con base nos datos de demanda, de matrícula e de interese e satisfacción do programa de prácticas externas do propio alumnado e os empregadores. Neste senso, non se fan accións específicas de captación, se ben a coordinadora atende constantes preguntas de persoas interesadas por estes estudos, a quen responde e remite ás páxinas web da USC ou do propio máster onde poden consultar a información solicitada.

No relativo á orientación académica e profesional, alén dos servizos xerais da USC como a Área de Orientación Laboral e Emprego do Campus de Lugo, a Coordinadora de Título organiza, o día que se inicia o curso, unha reunión de acollida na que proporciona ao alumnado información sobre a organización docente, recursos, horarios, características xerais das materias, centros dispoñibles para a realización das prácticas externas ou procedementos de asignación de prácticas e de títors, e da información dispoñible na web. Ao longo do curso, vaise informando doutros aspectos (convocatorias de bolsas, período de cambio de matrícula das materias optativas, prazos de publicación e revisión de cualificacións, períodos de cobertura de enquisas de satisfacción, etc.).

Con respecto á orientación de perfil máis profesional, durante o curso 2020-21 convidáronse diferentes profesionais, no marco das clases de diversas materias, a impartir charlas sobre ámbitos de actuación de interese, e realizáronse prácticas de campo con visitas a varias empresas.

Polo que respecta á mobilidade, non se produce mobilidade saínte, que vén determinada pola propia estrutura do programa formativo. Neste curso 2020-21, probablemente por mor da Covid-19 non se recibiu ningún estudante de programas de mobilidade. Normalmente unha porcentaxe importante do alumnado que cursa o máster procede dun país estranxeiro, no 2019-20 foi o 23.53 e diminuíu neste curso ata un 19,05%.

Respecto da metodoloxía de ensino e avaliación da aprendizaxe, os programas das materias, dispoñibles na web da USC, permiten apreciar a súa adecuación ás competencias e contidos que configuran cada unha delas. A adecuación da metodoloxía de ensino e de avaliación parece verse avalada polos indicadores de satisfacción. Nas enquisas institucionais

da USC, os indicadores de satisfacción dos estudantes coa docencia recibida seguen a ser elevados durante este curso acadouse un 4,79 sensiblemente superior con relación á media do curso 2019/2020 (4,32).

As prácticas externas, requiren dunha coordinación importante cos titores externos do Prácticum. Neste senso, dende a coordinación do Título (que coincide coa coordinación do Prácticum) contáctase con todos os titores profesionais durante toda a etapa de prácticas do alumnado. Así mesmo, tamén se fai un seguimento do alumnado en prácticas. Esta coordinación permitiu que nestes anos non se produciran incidencias destacables que afectasen ao desenvolvemento das prácticas. A valoración dos estudantes nas enquisas respecto da súa satisfacción coas prácticas no 2018-19 foi dun 4,44, pero este dato non está dispoñible dende o curso 2019-20. A efectos de comprobar os resultados das prácticas, propónse unha acción de mellora (AM-2.7) para contactar coas persoas responsables da tutorización das prácticas nas empresas. A convocatoria das prácticas publicouse o 9/02/2021 e as realizaron un total de 15 alumnos/as.

O Traballo de Fin de Máster foi obxecto, en 2018-19, de cambios no procedemento de xestión que se manteñen durante este curso. Concretamente, mellorouse a información sobre o procedemento de cálculo da nota media e o procedemento de asignación dos títulos e titores. O desenvolvemento do TFM e a súa avaliación segue o recollido no [Regulamento de TFM do Máster en Dirección de Empresas](#).

Con respecto ao TFM, considerouse no seu momento que a incidencia na taxa de rendemento do TFM podería mellorar a taxa de gradación do alumnado. Neste senso, a Coordinadora de Título xunto co seu homólogo en Santiago durante o curso 2020-21 mantiveron a enquisa feita outros anos de 15 ítem con preguntas sobre a organización dos TFM, cronograma, titor/a e motivos para non defendelo. A taxa de resposta foi moi baixa e respondeu soamente unha alumna, polo que, pese a que os seus resultados confirmaban os obtidos anteriormente, non pode considerarse indicativo. Séguese a considerar que as razóns principais da non defensa do TFM teñen que ver con cuestións laborais ou outro tipo de obrigas que limitan o tempo dispoñible do estudiantado para a súa elaboración. Para este ano mantense esta acción coma AM-2.5. Neste senso propóñense ademais novas accións de mellora como a elaboración dunha guía docente do TFM (AM-2.3), a modificación do regulamento do TFM (AM-2.4)

No relativo aos resultados da aprendizaxe das materias do título, as cualificacións obtidas nas materias do programa formativo no curso 2020-21, en xeral, son satisfactorias e indicativas de que os procesos de ensino/aprendizaxe contribúen a favorecer a aprendizaxe do alumnado. A taxa de rendemento (93,05% fronte á media da titulación 93,77% e 90,08% de media na USC) avalan esas valoracións. A taxa de avaliación (93,50% fronte á media do título 94,21% e 90,98 da media da USC) e na taxa de éxito (99,53% fronte ao 99,54% da media do máster e 99,01% da USC).

Por último, en canto a indicadores de satisfacción, queixas e suxestións, indicar que os datos de satisfacción, aos que se foi facendo mención ao tratar os distintos epígrafes deste e doutros apartados da memoria, son, en xeral, bastante satisfactorios. Rematar indicando que no curso obxecto desta memoria non se consignaron queixas nin reclamacións asociadas a esta titulación nin na Facultade nin na Oficina de Análise de Reclamacións da USC.

2.3.3. Programas en extinción: Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas

No Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas, ao tratarse dun programa en extinción, o seguimento faise mediante a Comisión de Título de Grao e a Comisión de Calidade e Docencia do Centro, pero non se reflicte nun informe anual de resultados como si se facía nas titulacións anteriores.

No relativo a admisión do alumnado, no curso 2020-21 non se levaron a cabo accións de captación. Polo que respecta á orientación académica e profesional, ao igual que nos outros Graos que se imparte no centro, as accións encádranse dentro do Plan de Acción Titorial (PAT), e no aspecto máis profesional supón un apoio importante a Área de Orientación Laboral e Emprego do Campus Terra.

En relación coa mobilidade de estudantes, non houbo alumnos/as enviados con programas de mobilidade e neste curso non houbo alumnado entrante. En relación coas metodoloxías de ensino e avaliación da aprendizaxe, os [programas das](#)

materias, dispoñibles na web da USC, permiten apreciar a súa adecuación ás competencias e contidos que configuran cada unha delas. A satisfacción dos/das estudantes coa docencia recibida é elevada (4,32 sobre 5).

As prácticas externas, que neste caso son obrigatorias e se organizan na materia Prácticum, de 18 créditos, desenvolvéronse dentro do marco normativo do Regulamento de Prácticas Externas da USC. O seu satisfactorio desenvolvemento reflíctese nas calificacións acadadas polo alumnado, aínda que non se dispón de datos específicos de nivel de satisfacción do alumnado ou títulos externos. A convocatoria das prácticas publicouse o 23/11/2020 e as realizaron un total de 5 alumnos/as.

En canto aos procedementos para a xestión e organización dos Traballos de Fin de Grao réxense polo Regulamento de TFG para o Grao en Xestión de PEMES.

No tocante aos resultados de aprendizaxe das materias do título, a análise da Comisión de Título do Grao aprecia uns resultados satisfactorios. A taxa de éxito é do 81,20% e a taxa de rendemento 70,13%, valores similares aos das outras titulación impartida no centro.

Para finalizar, en canto aos indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativas ao proceso de ensino/aprendizaxe, fóronse comentando os resultados nos epígrafes precedentes. Como se puido ver cóntase con indicadores de satisfacción, vía enquisas, da maioría dos procesos relevantes, aínda que hai algúns aspectos non cubertos. Por último, non se recibiron queixas ou reclamacións formais.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A garantía e mellora dos procesos organizativos relacionados cos recursos humanos vinculados aos programas formativos (persoal académico e persoal de administración e servizos) réxese, na Facultade de Administración e Dirección de Empresas, polo establecido no proceso de soporte PS-01. Xestión dos recursos humanos, do Manual de Procesos do SGC. Non obstante, este ámbito non é competencia directa nin principal da Facultade, e está sometida a procesos de nivel superior, que se recollen no Manual de procesos institucionais da USC, particularmente o PI-03, Xestión dos recursos humanos. Corresponde á Facultade, no marco das súas competencias, tal e como se recolle no seu SGC, avaliar a suficiencia e adecuación do persoal co que conta e as condicións en que desenvolve o seu labor. De seguido preséntanse os trazos principais dos recursos humanos da Facultade de Administración e Dirección de Empresas no curso 2020-21, que non difiren substancialmente do recollido na memoria do curso previo.

2.4.1. Persoal académico

Profesorado por categoría e titulación

O cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións oficiais adscritas á Facultade de Administración e Dirección de Empresas conta cun bo nivel de suficiencia e adecuación, tendo en conta das necesidades dos programas de estudos previstos nas respectivas memorias de verificación e do número e distribución de estudantes que os cursan. As táboas

seguintes, mostran as características do profesorado que participa en cada un dos títulos que se imparten na Facultade, en función de categoría, titulación e experiencia docente e investigadora (E15).

Datos do profesorado de cada titulación por categoría

Grao en Administración e Dirección de Empresas

Categoría Profesional	Nº profesores	Porcentaxe	Horas (%)
Titular de Universidade	7	20,00%	17,53%
Titular de Escola Universitaria	7	20,00%	23,90%
Contratado Doutor	9	25,71%	36,10%
Axudante Doutor	3	8,57	3,93%
Asociado de Universidade	4	11,43%	7,96%
Contrato Predoutoral Ministerio	1	2,86%	1,22%
TOTAL	35	100,00%	100,00%

Grao en Xestión e Pequenas e Medianas Empresas(*)

Categoría Profesional	Nº profesores	Porcentaxe	Horas (%)
Catedrático/a Universidade	1	4,55%	3,55%
Titular de Universidade	7	31,82%	38,53%
Titular de Escola Universitaria	2	9,09%	14,80%
Contratado Doutor	4	18,18%	11,69%
Axudante Doutor	2	9,09%	14,50%
Asociado de Universidade	1	4,55%	5,33%
Interino de Substitución	4	18,18%	10,56%
Contrato Predoutoral Ministerio	1	4,55%	1,04%
TOTAL	22	100,00%	100,00%

(*) En extinción no curso 2020-21

Grao en Empresa e Tecnoloxía (*)

Categoría Profesional	Nº profesores	Porcentaxe	Horas (%)
Titular de Universidade	2	16,67%	17,07%
Titular de Escola Universitaria	4	33,33%	30,08%
Contratado Doutor	3	25,00%	27,64%
Axudante Doutor	2	16,67%	21,14%
Lector	1	8,33%	4,07%
TOTAL	12	100,00%	100,00%

(*) Implantado no curso 2020-21

Máster Universitario en Dirección de Empresas

Categoría Profesional	Nº profesores	Porcentaxe	Horas (%)
Titular de Universidade	4	28,57%	45,73%
Contratado Doutor	4	28,57%	17,35%
Axudante Doutor	2	14,29%	16,78%
Asociado de Universidade	1	7,14%	3,93%
Interino de Substitución	3	21,43%	16,20%
TOTAL	14	100,00%	100,00%

A maioría do profesorado que imparte docencia nas diferentes titulacións da Facultade, ten vinculación permanente: no

Grao en ADE esta proporción chega ó 65,71%, no Grao en EET o 75%, no Máster Universitario ó 48,57% e finalmente, no Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas ó 63,64%.

No relativo á suficiencia do cadro de profesorado no Grao en ADE pódese considerar adecuada en promedio. A dotación permite unha organización docente adecuada cunha media de 21,15 alumnos/as por grupo de docencia interactiva (IN32C), lixeiramente superior a do curso 2019-20 de 19,98 e inferior a do curso 2018-19 de 24,40 e ó do 2017-18 de 30,78 e lixeiramente por debaixo da media da USC establecida en 22,52. No Grao en EET elévase este dato ata o 24,95, por enriba da media da USC e no Grao en Xestión de Pemes o número de alumnado é moi reducido e por iso está en proceso de extinción. No caso do Máster a media é de 10,92 por grupo de docencia interactiva.

No curso 2020-21 non dispoñemos de datos relativos a media de alumnado por grupo de docencia expositiva e os datos separan a docencia entre as materias de formación básica e obrigatorias e optativas. dunha banda e que foi de 42,8 alumnos e no caso das materias optativas de 9,47.

	FB e Obrig.	Optativas
Grao en ADE	53,0	17,4
Grao en EET	49,9	-
Grao en PEMES	26,4	1,9
Máster Universitario en Dirección de Empresas [L]	16,0	3,8
Total	42,8	9,47

Experiencia docente e investigadora do profesorado

A experiencia docente e investigadora, indicada polo recoñecemento de complementos por méritos docentes (quinquenios) e investigadores (sexenios) do profesorado permanente, é tamén un indicador do nivel de cualificación do profesorado responsable dos títulos.

Os cadros seguintes detallan estes indicadores de experiencia docente e investigadora para os títulos obxecto desta Memoria; a información organízase por áreas de coñecemento, o permite, ademais, visualizar a distribución do profesorado entre as áreas de coñecemento directamente vinculadas coas titulacións:

Grao en Administración e Dirección de Empresas			
Área	Nº profesores	Experiencia Investigadora	Experiencia Docente
[775] Socioloxía	2	0	4
[150] Dereito Financeiro e Tributario	1	0	12
[165] Dereito Mercantil	1	0	0
[225] Economía Aplicada	3	4	8
[480] Historia e Institucións Económicas	1	3	3
[225] Economía Aplicada	4	0	29
[623] Métodos Cuant. para a Economía e a Empresa	1	0	6
[230] Economía Financeira e Contabilidade	9	3	81
[415] Fundamentos de Análise Económica	2	4	20
[095] Comercialización e Investigación de Mercados	5	6	14
[650] Organización de Empresas	5	7	35
TOTAL	35	27	212

Grao en Empresa e Tecnoloxía			
Área	Nº profesores	Experiencia Investigadora	Experiencia Docente
[225] Economía Aplicada	1	0	6
[223] Economía Cuantitativa (propia da USC)	2	0	11

[230] Economía Financeira e Contabilidade	1	0	0
[570] Linguaxes e Sistemas Informáticos	2	0	6
[345] Filoloxía Inglesa	2	0	6
[415] Fundamentos de Análise Económica	2	2	10
[095] Comercialización e Investigación de Mercados	1	0	0
[650] Organización de Empresas	1	0	4
TOTAL	12	2	43

Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas

Área	Nº profesores	Experiencia Investigadora	Experiencia Docente
[130] Dereito Civil	1	0	6
[140] Dereito do Traballo e da Seguridade Social	1	4	5
[150] Dereito Financeiro e Tributario	1	0	6
[225] Economía Aplicada	2	0	6
[230] Economía Financeira e Contabilidade	5	1	19
[095] Comercialización e Investigación de Mercados	5	3	7
[650] Organización de Empresas	7	3	18
TOTAL	22	11	67

Máster Universitario en Dirección de Empresas

Área	Nº profesores	Experiencia Investigadora	Experiencia Docente
[230] Economía Financeira e Contabilidade	5	1	11
[095] Comercialización e Investigación de Mercados	5	3	7
[650] Organización de Empresas	4	3	14
TOTAL	14	7	32

Comparación de indicadores coa media da USC

% sobre PDI total	Graos			Máster		
	Grao ADE	Grao EET	Grao Pemes	USC	MBA	USC
PDI con Sexenios	36,00	0,00	38,10	85,47	75,00	89,11
PDI Doutor	61,11	54,55	60,00	84,17	84,62	90,13
PDI Funcionario	44,44	54,55	50,00	58,56	30,77	60,42

No caso do PDI con Sexenios mantense unha tendencia crecente nos últimos, aínda que existe unha diferenza coa media da USC. A porcentaxe de PDI Doutor mantense na media dos últimos anos o mesmo que a porcentaxe de PDI Funcionario que sigue coa súa tendencia decrecente.

Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total

Titulación	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21
Grao ADE	16,00	20,00	23,08	28,00	30,77	36,00
Grao EET	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Grao Xestión Pemes	8,33	20,00	16,00	25,00	26,92	38,10
MBA	40,00	20,00	40,00	50,00	55,56	75,00

Outro dato relevante que indica a sensibilidade do profesorado do Centro coa formación e a innovación educativa é a súa

participación en Grupos de Innovación Docente. O obxectivo destes grupos é o da mellora da calidade da docencia universitaria, conxugando a formación do PDI coa implantación de experiencias innovadoras nas prácticas docentes. Na Facultade de ADE só hai 1 grupo, aínda que nos consta que profesorado de Lugo está integrado en GIDs relacionados con departamentos que teñen a súa sede na facultade de Santiago.

No tocante á formación do profesorado e a mobilidade, a USC conta cun programa estable de Formación e Innovación Docente (PFID), que oferta cursos ao longo do curso académico. A participación do profesorado do Centro nese programa é continuada e as porcentaxes incrementáanse lixeiramente de ano en ano. Na táboa seguinte se presentan os datos do tres últimos cursos.

Porcentaxe de participación do PDI das titulacións nos plans de formación				
Titulación	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21
Grao ADE	30,77	48,65	56,76	68,42
Grao EET	-	-	-	58,33
Grao Xestión Pemes	31,58	45,71	57,79	67,65
MBA	41,67	58,33	76,92	71,43

Na Memoria de Calidade do curso 2019-20 propuxéronse dúas accións de mellora consistente na organización de cursos de formación dirixidos ao profesorado da Facultade en novas metodoloxías para impartición da docencia e en xestión tecnolóxica e dixital da empresa (AM-1.1, AM-1.2). De estas dúas accións, a AM-1.2 non se puido levar a cabo durante o curso 2020-21 por mor do equipamento e software que se tiña previsto instalar no Espazo Terra Emprende e que finalmente se puido levar a cabo a principios do curso 2021-22. Dadas estas circunstancias propónse retomar estas accións de mellora para o seguinte curso 2021-22 que pasará a ser a AM-1.1.

A mobilidade e as estadias de investigación son outra vía que o profesorado universitario utiliza para manterse actualizado, principalmente no plano investigador, porén, o profesorado da Facultade no curso 2020-21, o igual que no curso anterior, non fixo ningunha estadia de investigación fora da nosa Universidade, o cal se atribúe, en boa medida, a que o calendario académico non deixa ningún período significativo libre de actividades lectivas, o que dificulta a súa realización. Temos que considerar asemade que o período de confinamento pola COVID-19 dificultou calquera tipo de mobilidade.

En resumo, pódese considerar que a dotación de persoal académico da Facultade de Administración e Dirección de Empresas e a adecuada para atender ás necesidades dos títulos, e conta con posibilidades de formación continuada no ámbito docente. Sinalar, non obstante, que debido fundamentalmente á paralización dos procesos de estabilización do profesorado e as xubilacións non cubertas, os departamentos que maiores dificultades seguen a ter durante estes últimos anos para cubrir a docencia que teñen asignada na Facultade son o de Contabilidade e Finanzas e Organización de Empresas e Comercialización. Corresponde aos Departamentos, órganos coa responsabilidade neste ámbito, demandar a necesaria renovación do cadro de persoal.

En canto á satisfacción, queixas e suxestións do PDI, o informe de satisfacción deste persoal coa docencia que imparte (único indicador dispoñible de satisfacción co traballo) é bo. No Grao en ADE o nivel de satisfacción do profesorado coa docencia impartida é de 4,24 o mesmo resultado do ano anterior, no Grao de EET é de 4,20, no Grao en Xestión de Pemes de 4,32 e no MBA de 4,48 neste ano aumentando lixeiramente con respecto o ano 2020-21 que era de 4,16.

2.4.2. Persoal de Administración e Servizos

No relativo á dotación de Persoal de Administración e Servizos (PAS), a Facultade de Administración de Empresas conta cun persoal bastante estable, suficiente e que cumpre cos requisitos necesarios para levar a cabo a xestión adecuada centro, contando coa cualificación axeitada para o bo desenvolvemento das súas funcións. Na actualidade está formada por seis persoas que ocupan os seguintes postos de traballo:

Persoal de apoio (PAS) Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Nº	Área	Escala/Categoría	Denominación posto
1	Conserxería	Auxiliar técnico informático	Auxiliar técnico informático
2	Conserxería	Auxiliar técnico informático	Auxiliar técnico informático
3	Conserxería	Oficial de servizos	Conserxe
4	Secretaría Decanato	Administrativa-Administración	Secretaría Decanato
5	Unidade xestión centro	Administrativa-Administración	Responsable unidade
6	Unidade AA EE	Administrativa-Administración	Responsable AA EE

En canto a formación do PAS, conta, como o PDI, cun programa de formación estable, es os datos indican unha notable participación do persoal do centro nas actividades formativas. A porcentaxe de PAS que realizou algún curso de formación foi do 50,00% no curso 2020-21, do 83,33% no curso anterior 2019-20 e do 100% no curso anterior no 2018-19. O nivel de satisfacción global do PAS coas actividades formativas para o conxunto da Universidade foi de 7,64 sobre 10.

O nivel de satisfacción do PAS co traballo desenvolvido no curso 2020-21 obtén un valor moi elevado de 4,60 sobre 5, e moi superior á media da Universidade (3,84).

En resumo, os recursos humanos con que conta a Facultade de Administración e Dirección de Empresas para o bo desenvolvemento das titulacións impartidas no centro cumpren cos requisitos necesarios para impartir unha docencia de calidade ao alumnado e levar a cabo unha xestión adecuada da Facultade.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencia e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado orientado no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de ADE está situada nun edificio moderno, funcional e adaptado ás persoas con discapacidade. Dispón das infraestruturas e das tecnoloxías necesarias para o ensino/aprendizaxe no Espazo Europeo de Educación Superior. O acceso a internet, fixo ou por Wifi, está dispoñible en toda a Facultade, tal e como se pode observar no espazo web onde figuran todos os [recursos materiais](#) cos que conta.

A maiores da información sobre infraestruturas, a web do centro dispón tamén dun apartado de onde se pode consultar a situación dos despachos do profesorado, das aulas, dos seminarios, das aulas de informática, do Decanato, etc. e tamén un apartado de [servizos de interese para o alumnado](#). Asemade, a Facultade a través de Xescampus ten establecido un mecanismo de reserva de espazos accesible desde a secretaría virtual do profesorado.

O proceso *PS-02, Xestión dos recursos materiais* do Manual de Procesos do SGC recolle a sistemática para a xestión e mantemento destes recursos, que requiren dunha renovación e substitución periódica, á que se suma a detección de novas necesidades. Para atenderlas planifícase anualmente o investimento en función dos recursos económicos dispoñibles. No curso 2020-21 atendeuse a varias accións de mellora proposta no informe de seguimento do curso anterior. No referente a AM-5.1 renováronse parte dos equipos informáticos para o uso do alumnado e do PDI da facultade. A través da AM-5.2 dotouse a Facultade dun aula para o desenvolvemento de materiais audiovisuais, tendo en conta por unha banda a

implantación do grao semipresencial en Empresa e Tecnoloxía previsto para o curso 2021-22, pero tamén das posibles esixencias de cambios metodolóxicos e de docencia derivadas da COVID-19. De xeito complementario a través da AM-5.3 aprobouse un regulamento para a xestión e uso dos equipos informáticos na Facultade de xeito ordinario, e un regulamento específico nesta mesma liña, tendo en conta as particularidades derivadas da COVID-19.

Durante este curso propónse reforzar estas accións e continuar co proceso de mellora renovando e adquirindo novos equipos informáticos (AM-5.1) tanto para o uso por parte do alumnado como do profesorado, e ademais adquirir novos recursos para a produción de materias audiovisuais para a docencia (AM-5.2) creación do TechLab no antigo espazo Terra Emprende orientado para todas as titulacións pero especialmente para o novo grao en Empresa e Tecnoloxía: preténdese adquirir equipos informáticos cunha certa capacidade de cálculo, así coma elementos habituais nos sistemas de información empresarial cara a crear unha simulación do sistema tecnolóxico dunha empresa, incluíndo a instalación de programas ERP, CRM, cos que poida traballar o alumnado. O mesmo tempo, preténdese recuperar o espazo Terra Emprende para o uso por parte do alumnado, tanto na parte do TechLab coma na parte de coworking. A efectos de poder compaxinar a docencia virtual e semipresencial no GEET, propónse como acción de mellora (AM-5.3) a modificación do seminario 1 con novo equipamento audiovisual que permita unha maior interacción e de xeito paralelo cos estudantes que asisten en persoa e os que o fan de xeito remoto nas clases presenciais.

Sinalar que, ademais da adecuación para a función formativa, a Facultade debe tamén considerar a adecuación dos espazos e infraestruturas en canto ao cumprimento das normativas de seguridade no traballo. Neste sentido, o Centro ten actualizado permanentemente o seu [Plan de autoprotección](#), e pasa cada ano unha revisión específica do Servizo de prevención de riscos laborais para a identificación de posibles fontes de risco; de acordo co máis recente deses informes, a Facultade non conta con ningún punto de risco elevado para a saúde laboral ou a seguridade das persoas.

Indicar que os resultados das enquisas de satisfacción dos distintos grupos de interese corroboraban ata o curso 2018-19 a adecuación dos espazos docentes da Facultade. No curso 2019-20 mudaron as enquisas de satisfacción do alumnado, PDI e PAS polo que existe unha serie pequena para avaliar as posibles variacións e a taxa de respostas foi moi baixa. Aínda así, por parte do alumnado do GADE (non existen datos para o resto das titulacións) apreciouse un aumento da satisfacción do alumnado en relación os recursos educativos dispoñibles pasando de 2,89 a 3,19 e no caso das infraestruturas, pasando do 3,07 a 3,37. Na mesma liña manifestouse o profesorado que no caso dos recursos pasou dun 3,84 a un 4,16 neste curso, e en relación ao equipamento das aulas e demais infraestruturas, dun 3,84 a un 4,20 no curso 2020-21.

Máis aló das enquisas, o estudantado traslada a súa percepción de necesidades neste ámbito a través das reunións cos representantes de estudantes, ou directamente no Decanato da Facultade; cando procede, as súas propostas se integran na planificación anual de mellora das infraestruturas.

No relativo ás normativas de accesibilidade universal, todos os espazos da Facultade son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afectan á mobilidade, requisito imprescindible para garantir a igualdade de oportunidades do alumnado.

No relativo aos servizos, o Campus Virtual e a Biblioteca son, sen dúbida, os servizos xerais de apoio á docencia máis relevantes para o desenvolvemento dos programas formativos da Facultade de Administración e Dirección de Empresas.

O *Campus Virtual* é un recurso proporcionado polo [Centro de tecnoloxías para a aprendizaxe](#) da USC, utilizado na totalidade das materias, e ofrece actividades formativas, no marco do Plan de Formación e Innovación Docente, orientadas a obter o maior rendemento desta ferramenta en tarefas de avaliación, comunicación interactiva e información ao estudantado. Durante a fase de confinamento, utilizouse o recurso *MSTeams* dispoñible na licenza Office 365 como ferramenta de referencia para o desenvolvemento da docencia non presencial.

En xeral, o servizo do Campus Virtual é valorado positivamente: os estudantes do GADE outórganlle unha valoración de

4,00 sobre 5 (se ben nunha enquisa cunha taxa de participación moi baixa, do 3,26%)¹; no MBA alcanza unha valoración de 5,00 cunha participación tamén moi baixa do 2,94%. O profesorado de todas as titulacións valórao con medias superiores a 4 sobre 5 mellorando os datos do ano anterior (4,51 no Grao en ADE, 4,50 no Grao en Xestión de Pemes, 4,83 no grao de EET e 4,38 no Máster).

A biblioteca de referencia da Facultade é a Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo, situada a escasos metros da propia Facultade. Conta cunha excelente dotación de fondos documentais relacionados cos títulos impartidos no centro, situados na sala de Ciencias Sociais que consta de 300 postos de lectura. A isto únese o amplo catálogo de bases de datos e publicacións electrónicas dispoñibles ás que os/as estudantes poden acceder desde as instalacións universitarias e, parcialmente tamén, desde fóra da USC mediante servizos de autenticación de usuarios.

A satisfacción co servizo de biblioteca valórase nas enquisas que se aplican aos egresados; aínda que neste ano tampouco temos datos específicos.

Ademais está tamén o [Servizo de participación e integración universitaria \(SEPIU\)](#), que identifica e alerta das demandas dos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo; a [Área de orientación laboral e emprego](#), que realiza actividades e provee información dirixida aos estudantes no tramo final de estudos, para a súa incorporación ao mercado laboral, e o [Servizo de axudas e servizos ao alumnado](#), responsable da tramitación de bolsas de estudos, do servizo universitario de residencias e doutros servizos de apoio. A [Oficina de información universitaria \(OIU\)](#) orienta aos estudantes sobre as prestacións de todos estes servizos e os dirixe a uns ou outros en función das necesidades; neste curso non temos datos sobre a satisfacción cos servizos prestados pola OIU.

No relativo aos servizos de xestión académica, a USC conta cun servizo centralizado así denominado, o [Servizo de xestión académica](#), para todos os procedementos administrativos derivados do estudo na USC; así, é o servizo encargado da tramitación, e tamén da orientación, nas cuestións de matrícula, solicitudes de validacións, consulta e certificación de expedientes, expedición de títulos, etc. Trátase duns servizos dispoñibles telemáticamente, a través da Secretaría Virtual do Alumno/a, o que permite realizar calquera trámite as vinte e catro horas do día desde calquera lugar. Deste servizo tampouco temos datos dos egresados das titulacións da Facultade de Administración e Dirección de Empresas.

Por último, indicar dous elementos que complementan estes servizos. Por unha banda, no ámbito específico da Facultade, a *Unidade de Xestión do Centro* atende a determinados aspectos da xestión académica (tramitación de acordos de intercambio, informes de recoñecemento e validación parcial de estudos, creación de actas individualizadas de TFG/TFM, entre outras), e supón un punto de atención e contacto máis próximo aos estudantes. Por outra, os *servizos de administración electrónica da USC*, que facilitan a relación administrativa coa institución por vía exclusivamente telemática ao estudantado e calquera outro grupo de interese (taboleiro-e, ferramenta de sinatura-e, rexistro-e, servizo de notificacións e consulta de expedientes administrativos-e, etc.).

Para finalizar, considérase tamén como parte dos recursos materiais e servizos as instalacións nas que se realizan prácticas externas. En 2020-21 a Facultade sigue dispoñendo dun número de prazas suficientes para garantir a supervisión profesional individualizada de cada estudante nunhas condicións axeitadas.

¹ No Grao en Xestión de Pemes e no Grao en Empresa e Tecnoloxía non hai datos dispoñibles.

Directriz 6. Información pública

Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
 - Recollida, análise e utilización da información.
 - Publicación da información
 - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A xestión da información pública da Facultade de Administración e Dirección de Empresas desenvólvese conforme ao exposto no proceso de soporte PS-06, Información pública, do seu SGC, como garantía de que toda a información relevante das titulacións que nela se imparte faise pública, revisase periodicamente e actualízase co fin de manter informados aos grupos de interese.

A canle principal para facer pública esta información é a web institucional, que se organiza en varios niveis axustados ás necesidades dos diferentes grupos de interese. Esta información se revisa, e de ser o caso se actualiza, periodicamente. A información máis xeral, para diversos grupos de interese (esencialmente futuros estudantes, pero tamén calquera persoa interesada na oferta de estudos da Universidade) está accesible dende a páxina principal da Universidade. Debemos salientar que en 2018-19 a USC iniciou os traballos para a modernización e mellora da súa páxina web así como as webs das distintas facultades, co obxectivo de facela máis atractiva e útil aos distintos grupos de interese. Os cambios que incumben á Facultade aínda non estiveron dispoñibles durante o curso 2020-21.

A nivel da Facultade, mantense o contido informativo máis enfocado aos grupos de interese internos á organización (estudantes, PDI e PAS). Neste nivel preténdese atender ás necesidades do alumnado no día a día ao longo dos seus estudos, no apartado "Información académica" aquí facilítase toda a información relevante para o desenvolvemento dos estudos (horarios, programas das materias, datas de exames, horario de profesorado, Plan de acción tutorial, mobilidade, información TFG e TFM, mobilidade, etc.). Esta información actualízase antes do inicio do período de matrícula de cada curso (no mes de xullo) para que o estudantado conte coa información académica necesaria para tomar as súas decisións sobre a matrícula. Esta información complétase na páxina web no apartado de novidades, así como a través das redes sociais.

A información relativa ao Sistema de Calidade (política de Calidade, manuais do sistema, táboas de indicadores, Memorias de Calidade, Plans de Melloras, acordos da CCD) están publicados na web da Facultade, no sitio 'Calidade', e, complementariamente, para as cuestións que son xerais da Universidade (plan estratéxico da universidade, procesos institucionais, plan de auditorías, planificación anual das enquisas) na web da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC.

Proponse seguir coas accións de mellora iniciadas no curso anterior AM-4.1 e 4.2 que pasará a ser AM-3.1

3. Plan de Melloras do centro

Obxectivo a conseguir: Mellorar a excelencia do PDI			
Responsable do obxectivo: Comisión de calidade		Data inicio: Setembro 2021	Data fin: Xullo 2022
Obxectivo relacionado	estratéxico	Mellorar a excelencia do PDI en docencia e investigación (obxectivo 4 do plan estratéxico)	
Procesos clave relacionados	P02-PS-01 Avaliación no centro da actividade docente PC-07 Coordinación da actividade docente		
Indicador/es de medición	Satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas Informe da enquisa de satisfacción do PDI coas actividades formativas desenvolvidas	Meta a conseguir	Mellorar as competencias do PDI para impartir unha docencia de calidade
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-1. Impulsar accións formativas para o PDI axeitadas ás carencias detectadas		

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-1	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora dos recursos humanos	
		Análise causa	É fundamental que o profesorado da Facultade se actualice constantemente na aplicación das novas tecnoloxías para impartir unha docencia de calidade	
		Definición/descrición proposta	Organizar cursos de formación dirixidos ao PDI da Facultade en novas metodoloxías para impartición da docencia en xestión tecnolóxica e dixital da empresa	
		Data prevista de finalización	30/06/2022	
		Data inicio	01/09/2021	
Responsables		Responsable da implantación	Roberto Bande Ramudo	
Tarefa1		Código	AM-1.1	
		Descrición tarefa	Organizar un curso en xestión tecnolóxica e dixital da empresa	
		Data prevista de finalización	30/07/2022	
		Persoa responsable	Roberto Bande Ramudo	

Obxectivo a conseguir: Mellorar os procesos de coordinación			
Responsable do obxectivo: Comisión de calidade		Data inicio: Setembro 2021	Data fin: Xullo 2022
Obxectivo estratéxico relacionado	Coordinación entre as materias impartidas nas titulacións da Facultade (obxectivo 10 do plan estratéxico)		
Procesos clave relacionados	PC-05 Análise de resultados e mellora de programas PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades P04-PC-04 Programación das materias PC-07 Coordinación da actividade docente		
Indicador/es de medición	Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida Datos obtidos das reunións do alumnado cos coordinadores de curso	Meta a conseguir	Mellorar a coordinación e por polo tanto, os resultados acadados polo alumnado.
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-2. Impulsar accións de cara á coordinación e a análise de resultados do proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado		

ACCIÓN DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	AM-2	
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.	
		Análise causa	É necesario mellorar a coordinación entre as diferentes materias impartidas nas titulacións e analizar a carga de traballo do alumnado en cada materia, así como revisar as taxas de éxito, rendemento e avaliación das materias que conforman o Grao en ADE e o Máster en DE.	
		Definición/descrición proposta	Análise e revisión das taxas de éxito, rendemento e avaliación das materias que conforman o grao e o máster	
		Data prevista de finalización	31/07/2022	
		Data inicio	10/01/2022	
Responsables	Responsable da implantación	Jacobo Feás Vázquez		

Tarefa 1	Código	AM-2.1
	Descrición tarefa	Análise e revisión das taxas de éxito, rendemento e avaliación das materias que conforman o Grao en ADE
	Data prevista de finalización	30/06/2022
	Persoa responsable	Jacobo Feás Vázquez
Subtarefa 1	Código	AM-2.1.A
	Descrición tarefa	Análise dos informes sobre as taxas de éxito, rendemento e avaliación proporcionados pola ACMP do Grao en ADE
	Data prevista de finalización	02/03/2022
	Persoa responsable	Jacobo Feás Vázquez
Subtarefa 2	Código	AM-2.1.B
	Descrición tarefa	Traslado aos departamentos dos resultados das análises dos informes sobre as taxas de éxito, rendemento e avaliación de cada unha das materias do Grao en ADE que presentan desaxustes por curso e/ou centro
	Data prevista de finalización	31/03/2022
	Persoa responsable	Jacobo Feás Vázquez
Tarefa 2	Código	AM-2.2
	Descrición tarefa	Para seguir incidindo na mellora da taxa de graduación, a través da mellora na taxa de rendemento do TFM, volverase a realizar unha enquisa entre o alumnado matriculado no TFM, para poder ter datos históricos e analizar a evolución dos indicadores revisados, coa finalidade de analizar as causas que impiden a defensa de TFM e poder adoptar medidas correctoras en cada proceso de seguimento anual.
	Data prevista de finalización	31/07/2022
	Persoa responsable	Fernando Losada Pérez
Tarefa 3	Código	AM-2.3
	Descrición tarefa	Elaboración dunha Guía Docente do TFM como medio para informar o alumnado das competencias e contidos, a metodoloxía do ensino, o estilo e o formato da memoria, o sistema de avaliación, o procedemento de revisión e reclamación e o calendario de procedemento.
	Data prevista de finalización	31/07/2022
	Persoa responsable	Fernando Losada Pérez
Tarefa 4	Código	AM-2.4
	Descrición tarefa	Modificación do "Regulamento do Traballo Fin de Máster en Dirección de Empresas (MBA)" co fin de actualizalo e melloralo
	Data prevista de finalización	31/07/2022

	Persoa responsable	Fernando Losada Pérez
Tarefa 5	Código	AM-2.5
	Descrición tarefa	Para seguir incidindo sobre a necesidade de coordinación para equilibrar a carga de traballo, proponse volver a solicitar o profesorado a planificación temporal das actividades da docencia interactiva. En base a dita información, fixar o inicio do cuadrimestre un cronograma temporal coordinado de todas as actividades de avaliación continua das materias do módulo obrigatorio (primeiro cuadrimestre), coa finalidade de evitar picos de traballo
	Data prevista de finalización	31/07/2022
	Persoa responsable	Fernando Losada Pérez
Tarefa 6	Código	AM-2.6
	Descrición tarefa	Realización dunha reunión co alumnado do MUDE (Santiago, Lugo) unha vez realizado o período de prácticas para saber en que punto do proceso de elaboración do TFM están, identificar as posibles dificultades que poidan estar tendo, e poder establecer accións correctivas si é necesario
	Data prevista de finalización	31/07/2022
	Persoa responsable	Fernando Losada Pérez
Tarefa 7	Código	AM-2.7
	Descrición tarefa	Contactar coas persoas responsables da tutorización das prácticas profesionais por parte das empresas cando estas se estean desenvolvendo, para poder identificar os factores fundamentais que explican os altos niveis de satisfacción detectados (análise de puntos fortes) e poder insistir en ditas fortalezas na formación do MUDE.
	Data prevista de finalización	31/07/2022
	Persoa responsable	Fernando Losada Pérez
Tarefa 8	Código	AM-2.8
	Descrición tarefa	Suxírese a conveniencia de publicar as actas das comisións intercentros do MUDE, en aras dunha mellor transparencia, e en liña coas directrices das Axencias Avaliadoras.
	Data prevista de finalización	31/07/2022
	Persoa responsable	Fernando Losada Pérez
Tarefa 9	Código	AM-2.9
	Descrición tarefa	Suxírese a conveniencia de realizar reunións co estudantado na elaboración dos horarios dos seguintes cursos académicos, antes de discutilas nas diferentes comisión de Facultade
	Data prevista de finalización	31/07/2022
	Persoa responsable	Fernando Losada Pérez

Obxectivo a conseguir: Mellorar a visibilidade da Facultade			
Responsable do obxectivo: Comisión de calidade		Data inicio: Setembro 2021	Data fin: Xullo 2022
Obxectivo estratéxico relacionado	Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia de coñecemento cara a súa contorna (obxectivo 14 do plan estratéxico) Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia (obxectivo 15 do plan estratéxico)		
Procesos clave relacionados	PC-12 Información pública PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas		
Indicador/es de medición	Informe da enquisa de satisfacción do alumnado Datos obtidos das reunións do alumnado cos coordinadores de curso	Meta a conseguir	Intensificar o coñecemento da Facultade no exterior e mellorar os fluxos de información cos grupos de interese internos
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-3. Xestión da información e visibilización		

ACCIONS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-3
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información Pública.
		Análise causa	Aínda que a información dispoñible está accesible para todo o persoal, alumnado e outro público de interese, é necesario seguir mellorando e actualizando toda a información necesaria para o correcto desenvolvemento dos Graos. Neste curso ademais fíxose un cambio na web da USC o que fai necesario adaptar a información existente as novas estruturas
		Definición/descrición proposta	É necesario manter actualizada a información da páxina web, as redes sociais da Facultade, adaptar a información o novo formato de web institucional e facer visible toda a información relacionada co SGC do centro.

		Data prevista de finalización	31/07/2022
		Data inicio	01/09/2021
Responsables		Responsable da implantación	Roberto Bande Ramudo
Tarefa 1		Código	AM-3.1
		Descrición tarefa	Mellorar e manter actualizados os medios de difusión da facultade
		Data prevista de finalización	31/07/2022
		Persoa responsable	Roberto Bande Ramudo
Subtarefa 1		Código	AM-3.1.A
		Descrición tarefa	Mellorar e manter actualizada a páxina web da facultade e adaptala o novo formato institucional
		Data prevista de finalización	31/07/2022
		Persoa responsable	Roberto Bande Ramudo
Subtarefa 2		Código	AM-3.1.B
		Descrición tarefa	Mellorar e manter actualizadas as redes sociais da facultade
		Data prevista de finalización	31/07/2022
		Persoa responsable	Roberto Bande Ramudo
Subtarefa 3		Código	AM-3.1.C
		Descrición tarefa	Mellorar e manter actualizada toda información relacionada co SGC da facultade e informar ao persoal e alumnado do centro dos documentos que o integran e as accións que se deben facer para o seu cumprimento.
		Data prevista de finalización	31/07/2022
		Persoa responsable	Roberto Bande Ramudo
Tarefa 2		Código	AM-3.2
		Descrición tarefa	Mellorar e manter actualizado o plan de acción tutorial
		Data prevista de finalización	30/07/2022
		Persoa responsable	Roberto Bande Ramudo
Subtarefa 1		Código	AM-3.2.A

	Descrición tarefa	Realización de acción formativa para mellorar o coñecemento dos alumnos de TFG sobre as características formais dos TFG en ADE
	Data prevista de finalización	30/06/2022
	Persoa responsable	David Soto Fernández
Subtarefa 2	Código	AM-3.2.B
	Descrición tarefa	Realización de acción formativa para mellorar o coñecemento dos alumnos do uso de aplicacións informáticas de utilidade nos diferentes graos.
	Data prevista de finalización	30/06/2022
	Persoa responsable	David Soto Fernández

Obxectivo a conseguir: Mellorar as instalacións e equipamento da Facultade

Responsable do obxectivo: Comisión de calidade

Data inicio: Setembro 2021

Data fin: Xullo 2022

Obxectivo estratéxico relacionado

Optimización do uso dos recursos (obxectivo 12 do plan estratéxico)

Procesos clave relacionados

PS-02 Xestión dos recursos materiais

Indicador/es de medición

Adquisición de material informático, equipamento docente e mantemento de instalacións

Meta a conseguir

Dispoñer de instalación e equipamento adaptado ás necesidades dos grupos de interese

Accións de mellora relacionadas (Código)

AM-4. Identificar as necesidades de recursos materiais, dotación e coidado das instalacións

ACCIÓNS DE MELLORA			
Definición	Acción de mellora	Código	AM-4
	Ámbito	Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
		Análise causa	É necesario o mantemento continuo dos recursos materiais que garantan o correcto funcionamento do centro.
		Definición/descrición proposta	Renovar equipos informáticos e mobiliario da Facultade, e mellorar e humanizar determinados espazos da Facultade para adecualos aos usos do alumnado, profesorado e PAS do centro.
		Data prevista de finalización	31/07/2022
	Data inicio	01/09/2021	
Responsables		Responsable da implantación	Roberto Bande Ramudo
Tarefa 1		Código	AM-4.1
		Descrición tarefa	Renovar equipos informáticos e mobiliario da Facultade.
		Data prevista de finalización	31/07/2022
		Persoa responsable	Roberto Bande Ramudo
Tarefa 2		Código	AM-4.2
		Descrición tarefa	Equipamento do laboratorio tecnolóxico e recuperación do espazo Terra Emprende para o uso habitual do estudantado da Facultade.
		Data prevista de finalización	31/07/2022
		Persoa responsable	Roberto Bande Ramudo
Tarefa 3		Código	AM-4.3
		Descrición tarefa	Dotación do equipamento para a aula de docencia semipresencial do grao en EET
		Data prevista de finalización	31/07/2022
		Persoa responsable	Roberto Bande Ramudo

4. Modificacións nos diferentes títulos

MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS		
TÍTULO	MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
MUDE	M1. Despliegue temporal (Modificación non substancial): Axustar a distribución horaria entre as sesións expositivas e interactivas das materias a la efectivamente aplicada na realidade segundo as normas da P.A.A. (Programación Académica Anual) da Universidade de Santiago de Compostela.	A subcomisión avaliadora do proceso de acreditación sinalou a existencia de diverxencias na distribución horaria entre as sesións expositivas e interactivas das materias que figura na memoria do título con respecto a aplicada segundo a P.A.A. da USC. Esta modificación non afecta a carga de créditos, contido nin actividades formativas.
MUDE	M2. Linguas de impartición (Modificación non substancial): Recoller na memoria do título as materias que se imparten nun idioma non recollido na memoria.	Na subcomisión avaliadora do proceso de acreditación sinaláronse diverxencias nas linguas de impartición dalgunhas materias con respecto a memoria do título. Esta modificación afecta a materias concretas de carácter optativo do campus de Lugo que se imparten en inglés.

No caso do Máster Universitario en Dirección de Empresas, as modificacións do Plan de estudos procedentes dos procesos de Seguimento, así como las derivadas de la Renovación de la Acreditación, recolléronse na Proposta de Modificación da Memoria Verificada do Título de Máster Universitario en Dirección de Empresas pola Universidade de Santiago de Compostela, aprobada pola Comisión Académica Intercentros do MUDE (23/03/2021), pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago (09/04/2021) e pola Xunta de Centro da Facultade de Administración e Dirección de Empresas de Lugo (08/04/2021). Con data 12/04/2021 a Vicerreitora de Titulacións e Captación Internacional da USC informou da apertura do prazo de exposición pública do Anteproxecto de Modificación da Memoria Verificada do Título de Máster Universitario en Dirección de Empresas pola Universidade de Santiago de Compostela para a súa implantación no curso 2022/2023. En setembro de 2021 recibíronse alegacións do Ministerio, que foron emendadas. Por tanto, a execución e verificación destas modificacións inclúiranse no informe do curso 2021-2022.

5. Listaxe de evidencias e indicadores

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	Web de Calidade do Centro
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	Web de Calidade do Centro
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria de Calidade: Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	- Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	Web de Calidade do Centro
2,3	E6	Informe de solicitudes de recoñecementos de créditos	- Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria de Calidade: Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Panel de indicadores 2020-2021: - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE
			Procedencia xeográfica - Grao en ADE - Grao en EET - Grao Pemes - Máster DE
			Informe CIUG: - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en PEMES (n.d.) - Máster en DE (n.d.)
1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	- No dispoñible
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	Panel de indicadores 2020-2021: - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE
			- Información agrupada por Centro

6	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Web da USC Web da Facultade
1	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web de Calidade do Centro
1	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web de Calidade do Centro
1, 2, 3	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Memoria de Calidade
1, 2, 3	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria de Calidade: Directrices 1, 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	<p>Panel de indicadores 2020-2021:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE <p>- Satisfacción do PDI coa titulación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE <p>- Satisfacción do alumnado coa titulación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grao en ADE - Grao en EET (n.d.) - Grao en Pemes (n.d.) - Máster en DE <p>- Satisfacción do alumnado co programa de prácticas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE <p>- Satisfacción dos egresados:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE <p>- Satisfacción do PAS</p>
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	<p>Panel de indicadores 2020-2021:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE

1	E14	Informe de certificación da implantación do SGC	Web de Calidade do Centro
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.)	- Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	- Facultade de ADE
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Memoria de Calidade: Directriz 4
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	- Facultade de ADE
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	- Facultade de ADE
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	Alumnado (docencia recibida 1º): - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE
			Alumnado (docencia recibida 2º): - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE
			PDI (docencia impartida): - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE (n.d.)
4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	- Facultade de ADE
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web de recursos materiais do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro: - Plan de acción titorial - Servizos Xerais para o alumnado
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	- Facultade de ADE
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	- Facultade de ADE
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus Virtual
2,3	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y cualificación)	- Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Xestión de Pemes - Máster en Dirección de Empresas
2,3	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	- Grao en ADE - Grao en EET

			- Grao en Pemes - Máster en DE
2,3	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria de Calidade: Directrices 2 e 3
2,3	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIU)	Memoria de Calidade: Directrices 2 e 3
2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamén por materia): - Taxa de gradación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendemento - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	Panel de indicadores 2020-2021: - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE
			Taxa de éxito: - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE
			Taxa de rendemento: - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE (n.d.)
			Taxa de avaliación: - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE(n.d.)
			Informe SIU - Grao en ADE - Grao en EET (n.d.) - Grao en Pemes - Máster en DE
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Panel de indicadores 2020-2021: - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	- Grao en ADE - Grao en EET (n.d.) - Grao en Pemes - Máster en DE
2, 3, 4, 5	I15	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	Panel de indicadores 2020-2021: - Grao en ADE - Grao en EET - Grao en Pemes - Máster en DE